15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza:

1 A restituír o equipo directivo do CEIP Luís Seoane de Oleiros nos cargos dos que foron cesados.

2 A abrir unha investigación sobre as presuntas coaccións sufridas pola directora por parte da Xefatura Territorial e da inspección educativa.”

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/10/2020 11:28:08

Daniel Castro García na data 14/10/2020 11:28:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2020 11:28:29



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A evolución dos ingresos tributarios no último mandato consolida a perigosa tendencia cara a exención total da capacidade patrimonial (Patrimonio e Sucesións) desprazando a meirande parte da carga tributaria cara a participación na recadación dos ingresos estatais (IVA e sobre todo IRPF), é dicir penalizando á clase traballadora pola política de redución progresiva na tributación das grandes masas patrimoniais.

Recordemos que a día de hoxe os umbrais de exención están situados no millón de euros, por cada suxeito pasivo, o que supón, de facto, nun contexto standard de unidade familiar clásica composto por dous membros, o non gravame de patrimonios que estean situados por debaixo dos dous millóns de euros.

Por outra banda, e convinte destacar que a pesares do intento de venta electoralista das deducións na cota autonómica do IRPF, o custe real das medidas non supón un esforzo considerable nas arcas públicas. Dun análise rigoroso dos datos conclúese que a ratio beneficio fiscal/ingreso total do IRPF sitúase no entorno do 1-2 %, namentres que no caso de Patrimonio e Sucesións xa supera, de longo, o 50 %, é dicir, a día de hoxe xa se exime de tributación máis ingresos que os que efectivamente se recadan neses conceptos.

Polo que atinxe a cota autonómica do IRPF, o impacto das bonificacións fiscais entre os anos 2017-2020, sitúase entorno os 25 millóns de euros/ano.

A xuízo do Grupo Parlamentario Socialista moitas das deducións/bonificacións deberían ser reorientadas cara un contexto de axenda social, ecoloxista, de innovación tecnolóxica e sobre todo, para beneficiar o asentamento no rural.

Que impacto ten establecer deducións por gastos dirixidos ó uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos en contornos urbanos, en pleno ano 2020? O desexable sería que esa proposta se limitara no espazo os ámbitos rurais e non se limitara no tempo o ano de contratación.



En síntese, sería convinte que pola Xunta de Galicia se fixera unha análise seria do impacto das deducións fiscais nos ámbitos os que van dirixidas, análise que sería especialmente relevante no espectro das deducións por adquisición de accións ou participacións sociais en sociedades cotizadas no Mercado Alternativo Bolsista, ou en empresas novas ou de recente creación. Canta xente se beneficia destas bonificacións? Que impacto teñen na dinamización da actividade empresarial?

Así mesmo, estamos a ver como existe un alto litixio en relación a comprobacións practicadas pola Atriga (Axencia Tributaria de Galicia) en relación a determinados impostos cedidos, que produce evidente impacto de recadación, sen dúbida a consecuencia da evidente falla de medios humanos (redución do cadro de persoal de 341 a 329) e tecnolóxicos (aplicacións web desfasadas que non soportan navegadores vixentes).

Segundo a Memoria do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia, no ano 2017, o 78 % das reclamacións formuladas respecto o Imposto de Sucesións foron estimadas. É dicir, das 2.371 reclamacións resoltas estimáronse 1948. Respecto do Imposto de Transmisións, a estimación dos recursos afecta o 75 % (estimadas 1859 de 2.471). A estes datos hai que engadirlle as reclamacións estimadas en vía xudicial e mesmamente ter en conta as moitas reclamacións que non se formulan por razón da contía.

Actualmente existe un Plan Anual de Control Tributario, si vén non deixa de ser unha colección de directrices e escasamente clarificador, que non da conta nin cuantifica a labor inspectora, polo que non se pode avaliar e fiscalizar o Plan en aras a revisalo.

En relación o anterior, podemos concluír que a política tributaria da Xunta de Galicia fundaméntase no seguinte:

- Renuncia a incremento de ingresos tributarios por vía da exención do 99 % dos impostos cedidos que gravan o capital (especialmente Sucesións e Patrimonio).
- Moita propaganda e escaso impacto económico das bonificacións/ deducións da cota autonómica do IRPF.
- Falla de progresividade fiscal respecto dos tramos de renda superiores a 60 mil euros.



- Escasos medios humanos e tecnolóxicos na Atriga para a realización do seu labor comprobatorio.
- Alto índice de estimación das reclamacións presentadas fronte a liquidacións practicadas pola Atriga (en Sucesións e Transmisións Patrimoniais).

Diante do exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformular as deducións e bonificacións na cota autonómica do IRPF, orientadas a un contexto máis social (adquisición de material escolar e demais), rural (fomento do autoemprego menores de 35 anos, ...) e ecoloxista (actividades en beneficio do medio ambiente, custodia do territorio, etc).
2. Reforzar os medios humanos da Atriga, especialmente no eido da Inspección, iniciando un proceso de cobertura e provisión de postos vacantes, para un cadro de persoal mínimo de 350 persoas.
3. Remitir á Cámara galega o Plan Anual de Control Tributario do ano 2020, cunha información máis singularizada e máis relevante por figuras tributarias ou por clasificación de contribuíntes.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2020 12:07:58
Nº Rexistro: 3515
Data envío: 14/10/2020 12:07:58.565

Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/10/2020 12:02:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2020 12:02:26

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2020 12:02:36

CSV: BOPGDSPG5ngkZ5Oe96
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de San Sadurniño recibiu nos últimos días varias chamadas de veciños e veciñas para preguntar se había algunha información sobre cando virá a unidade móbil da ITV Agrícola, que habitualmente se situaba en Santa Mariña e en Igrexafeita. O alcalde púxose en contacto este luns con SyC APPLUS+ ITV para interesarse pola cuestión e desde a concesionaria das inspeccións comunicaron que non prevén desprazar ningún equipo ata polo menos “xaneiro ou febreiro do 2021” debido aos retrasos acumulados nos últimos meses. En calquera caso, tal e como lle comentaron ao alcalde, a validez das inspeccións técnicas para os vehículos agrícolas “destinados a labores no campo” -tal e como cita literalmente o BOE- está prorrogada até o 10 de novembro. Porén, de momento non se sabe que vai pasar despois desa data.

APPLUS-SyC ITV non adianta ningunha previsión, xa que as unidades móbiles, aínda que están traballando, acumulan moito retraso, polo que a pregunta obvia é a de que vai ocorrer cos tractores que teñan vencida a “revisión” despois do 10 de novembro. Na ITV non comentaron nada ao respecto, posto que a súa función é a de verificar o correcto estado de circulación da maquinaria, non a de decidir como debe actuar Tráfico en caso de parar un vehículo agrícola sen a inspección en vigor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, o Concello tamén se puxo en contacto coa Delegación do Goberno na Coruña de cara a solicitarlle información sobre se se conta con ampliar a vixencia das inspeccións ou, en caso contrario, se se vai dar algunha instrución desde a Dirección Xeral de Tráfico no sentido de flexibilizar as posibles actuacións no caso de vehículos agrícolas que deberían ter pasado a ITV desde a declaración do primeiro Estado de Alarma.

A única alternativa á ausencia de ITV móbil nos concellos deste país ata xaneiro ou febreiro do ano próximo está nas ITVs fixas situadas nos arredores das cidades ou en polígonos industriais. Pero esta alternativa obrigaría aos propietarios de maquinaria agrícola a facer desprazamentos moi longos por vías nas que moitas veces serían causantes de atascos e entorpecementos no normal tránsito de vehículos.

Sería tamén inxusto que calquera usuario ou usuaria de maquinaria agrícola, suxeita a revisión periódica, fose sancionado/a despois desa data por non ter a revisión pasada se lles caducou durante o estado de alarma, xa que non é culpa deles que as unidades móbiles vaian con retraso no seu calendario.

Desde Delegación do Goberno remítense á normativa da prórroga até o 10 de novembro sen avanzar se o prazo se vai ampliar ou non -posibilidade que tampouco se descarta-, polo que recomendan solicitar vez na estación máis próxima a pesar de recoñeceren o inconveniente que supón ter que levar a maquinaria ata alí, sexa desprazándose polos seus propios medios ou sobre unha plataforma.

Tampouco se aclara como vai proceder Tráfico a partir desa data se as patrullas detectan algún tractor circulando sen a ITV ao día. Fontes da Delegación do goberno aseguran que a Xefatura provincial de Tráfico “*está ao tanto e comprende a situación*”, ao tempo que recordan que o feito de circular sen ITV é un risco para a seguridade e, ademais, *unha complicación legal engadida no caso de que se produza un accidente*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Que se tomen as medidas necesarias para que se axilice o calendario de inspeccións itinerantes para vehículos agrícolas, ante a incertidume de que vai ocorrer despois do 10 de novembro.

2. Que faga as xestións necesarias diante do goberno do estado para que se amplíe a prórroga das inspeccións o tempo que faga falta como única maneira de asegurar que tractores e outra maquinaria circulan dentro da legalidade mentres agardan pola “revisión.”

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/10/2020 13:14:18

María González Albert na data 14/10/2020 13:14:27

María del Carmen Aira Díaz na data 14/10/2020 13:14:40

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2020 13:14:52



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Borja Vereá Fraiz e Ruben Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de motivos:

A mobilidade sustentable é unha cuestión que incumbe a todos, tanto institucións como empresas e cidadáns. O concepto de “mobilidade sustentable” vai máis aló dos beneficios ambientais xa que, promovendo este tipo de transporte, tamén se busca o benestar económico, social e de tránsito dos habitantes das cidades.

Fomentar a mobilidade sustentable a través de novos plans é unha das medidas de gran importancia para reducir as emisións de gases contaminantes.

Ademais dos beneficios ambientais asociados á mobilidade sustentable, súmanse o benestar social e económico e neste sentido o sector da automoción xoga un papel estratéxico na economía galega cun efecto tractor polo seu peso no PIB de Galicia e o emprego directo e indirecto e a súa achega na balanza comercial e no investimento en innovación que se reflicte nunha constante mellora da nosa competitividade.

A nova mobilidade sustentable é un dos grandes desafíos. A Administración autonómica atópase ante o reto de garantir unha mobilidade segura e sustentable que

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



responda aos novos patróns e así o está demostrando a Xunta de Galicia coa incorporación nos últimos anos de máis de 30 vehículos eléctricos á súa frota, nunha política de compromiso que se debe estender nesta nova lexislatura.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un Plan de renovación do Parque mobil por outro mais eficiente que favorezca a mobilidade sustentable”.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2020 16:58:42

Paula Prado del Río na data 14/10/2020 16:58:57

José Manuel Rey Varela na data 14/10/2020 16:59:16

José Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2020 16:59:32

María Sol Díaz Mouteira na data 14/10/2020 16:59:43

Borja Vereza Fraiz na data 14/10/2020 16:59:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/10/2020 17:00:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Borja Vereá Fraiz e Ruben Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos

A Lei galega de colexios profesionais do ano 2001, tan so contempla a posibilidade de que os colexios podan exercer accións legais e adoptar medidas para evitar o intrusismo profesional así como a posibilidade de sancionar aos seus colexiados.

Trala modificación realizada pola Lei 1/2010, 11 febrero, de modificación de diversas leyes de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, incluíuse na Lei galega de colexios profesionais, entre os fins dos Colexios Profesionais o da protección dos intereses dos consumidores e usuarios polos servizos prestados polos seus colexiados.

Por outra banda o intrusismo propiamente dito (exercer unha profesión sen contar co correspondente título académico), no ano 2009 xa constituía un delito tipificado no artigo 403 do Código Penal (Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro)

Se ben a Lei galega 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais, da Comunidade Autónoma de Galicia contempla a posibilidade de que os colexios, podan



exercitar accións legais e adoptar medidas para evitar o intrusismo profesional así como a posibilidade de sancionar aos seus colexiados, a mesma non establece infracción algunha que permita sancionar, por parte da Administración, a aquelas persoas que exerzan unha profesión de colexiación obligatoria, sen contar con tal colexiación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a proceder á modificación da Lei galega de Colexios Profesionais para permitir á Administración autonómica perseguir e sancionar o intrusismo profesional”.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2020 17:45:08

Paula Prado del Río na data 14/10/2020 17:45:26

José Manuel Rey Varela na data 14/10/2020 17:45:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2020 17:45:53

María Sol Díaz Mouteira na data 14/10/2020 17:46:06

Borja Vereza Fraiz na data 14/10/2020 17:46:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/10/2020 17:54:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

É imprescindible avanzar cara novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional. As expectativas para o ano actual e os 2021 e 2022, falan dunha ralentización do crecemento moi importante debida á pandemia do da Covid-19.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento, e do estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas.

É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial, non so dos sectores industriais máis intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais maduros.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da industria 4.0.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia tiña como parte dos seus obxectivos consolidar a Galicia como territorio innovador para mellorar a competitividade das empresas, favorecer o crecemento sostible e xerar postos de traballo de calidade

Para conseguir eses obxectivos o plan pretendía:

1. Incrementar nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D con respecto a 2016.
2. Aumentar nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras con respecto as 2016.



3. Sumar un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras respecto a 2016
4. Incrementar nun 15 % o volume de negocio por produtos novos ou mellorados respecto ás 2016.

Acadar o 1,7 % de gasto sobre o PIB.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia non cumpriu ningún dos seus obxectivos, resulta insuficiente e carece de contido á altura dos retos do sector. A investigación, o desenvolvemento e a innovación teñen que ser un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta crise sanitaria e económica que estamos a vivir.

O Grupo Parlamentario Socialista demanda á Xunta de Galicia a que aposte por unha I+D+i reforzada e orientada aos resultados, atendendo en prioridade ás actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, fortalecendo o sistema de ciencia e tecnoloxía, incrementando as aportacións públicas ao mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i, antes do remate deste período de sesións, e cunha maior dotación orzamentaria que nos permita duplicar o gasto en Investigación, Desenvolvemento e Innovación para situar a Galicia na media española.
2. Explicar o grado de execución do Plan Galicia Innova 2020.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/10/2020 18:47:24

Martín Seco García na data 14/10/2020 18:47:49

Paloma Castro Rey na data 14/10/2020 18:48:00

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2020 18:48:07



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputadas e do seu deputados, **Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

No día de onte, 13 de outubro de 2020, Galicia rexistrou nas últimas 24 horas once novos falecementos por covid, o que supón a maior cifra de falecementos nunha mesma xornada dende o pasado 26 de abril. Parte da provincia de Ourense atópase inmersa nun proceso de alerta máxima (nivel 3) motivada pola pandemia da Covid-19. Neste momento parte da provincia atópase con medidas moi restritivas e confinamento perimetral.

Os centros de atención residencial configuran o núcleo máis vulnerable neste contexto, polo que se precisan parámetros claros e obxectivos na forma de actuar.

Na segunda onda da pandemia en Ourense tres residencias tiveron focos masivos e de xeito abrupto, en concreto a residencia de Pereiro, a Val de Monterrei, e Nosa Señora do Viso en Lobeira. A primeira foi intervida pola Xunta tralo contaxio de practicamente a totalidade de usuarios do centro.

É urxente que se tomen medidas preventivas e non actuar cando os contaxios invaden o centro na práctica totalidade. No caso de Val de Monterrei e Nosa Señora do Viso a situación xa é límite, tendo en conta que hai 70 e 50 contaxios por covid respectivamente. É preciso que a Xunta interveña a xestión para poder dotar do persoal suficiente, así coma de recursos que habiliten unha mellora na atención dos internos, e sobre todo, e o máis importante, evitar máis falecementos.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que interveña os centros residenciais antes de chegar a contaxios masivos, axilizando o tempo de resposta para dar unha actuación preventiva, como é o caso do residencial Val de Monterrei e Nosa Señora do Viso, para así garantir o persoal suficiente e os recursos necesarios para solventar a situación canto antes.”

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/10/2020 10:08:29

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/10/2020 10:08:43

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/10/2020 10:08:54

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 10:09:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 10:09:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas primeiras horas da tarde do 13 de outubro foi detectada unha mancha de fuel de máis dun quilómetro de extensión na ría de Arousa, en concreto entre a illa de Rúa e o Pombeiro. Mancha que, ao día seguinte, lonxe de estar controlada seguía recibindo hidrocarburo e que pode estar afectando ás proximidades da illa de Sálvora, que forma parte do parque marítimo-terrestre das Illas Atlánticas.

Nos primeiros momentos todo parecía indicar ao sentinazo dun barco, mais co paso das horas investigábase se pode proceder do emisario de Touro, no concello de Ribeira.

Sexa como for, a realidade é que as augas das rías galegas e, en particular, as da ría da Arousa soportan un nivel de verteduras que mina continuamente os recursos naturais da zona e que teñen un gran impacto no entorno dunha área extremadamente sensíbel dende o punto de vista produtivo e medioambiental.

Mesmo as investigacións da propia administración galega sinalaron que a ría de Arousa foi no ano 2019 a que máis verteduras rexistrou con carga microbiolóxica ou química tóxica. E non se pode esquecer que neste espazo tan privilexiado en termos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtivos desenvolven habitualmente o seu traballo preto de 2000 embarcacións de baixura e marisqueo a frote, milleiros de bateiros e mariscadoras a pé, aos que hai que sumar a riqueza que de xeito inducido xera a actividade extractiva no mar noutros segmentos da actividade económica.

En calquera das dúas hipóteses baralladas, sentinazo ou vertedura dende terra, hoxe en día existen sistemas técnicos e ferramentas suficientes para recoñecer aos responsábeis e poderlles aplicar a sanción correspondente á infracción cometida.

No caso do emisario submarino de Touro, aínda están preto os episodios contaminantes que se produciron en varias ocasións polo seu deterioro e por non cumprir as súas funcións de depuración e dilución, mesmo algún deles foi, no ano 2007, obxecto de sentenza xudicial contra o concello de Ribeira por afectar a un polígono de bateas.

Posteriormente, a Xunta de Galiza efectuou unha reparación do mesmo que lle supuxo ao erario público máis de 1,6 millóns de euros e foi entregado no 2017, ao remate das obras, ao concello de Ribeira.

Dende que entrou en funcionamento a EDAR de Ribeira, o emisario evacúa as augas residuais depuradas do polígono de Xarás e, no caso dun fallo na depuradora, debora aliviar de emerxencia e evitar que as augas residuais sen depurar cheguen ao mar.

De todos xeitos, este non é un caso illado e con el faise evidente que a contaminación da ría segue a ser unha materia pendente de solucionar por parte das distintas administracións que, moitas veces realizan investimentos multimillonarios que despois non se manteñen axeitadamente ou non son obxecto da vixilancia e inspección que lle correspondería.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, o plan territorial de continxencias por contaminación marítima de Galiza (Plan Camgal), aprobado pola Xunta de Galiza no ano 2006 e actualizado no 2012 e no 2016, demanda dos concellos plan locais dende 2017, nos que se deben sinalar os riscos, as zonas vulnerábeis e os medios necesarios diante de verteduras contaminantes ou tóxicos co obxecto de garantir a saúde da poboación, a conservación do medio natural e a seguridade dos bens e servizos dos concellos. A este respecto, descoñecemos se os distintos concellos da ría de Arousa dispoñen do mesmo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a contrastar os medios existentes para combater calquera risco de contaminación mariña e a levar a cabo todas as investigacións e actuacións que sexan precisas para determinar a orixe e consecuencias da vertedura producida o 13 de outubro na ría de Arousa”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2020 10:39:36

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2020 10:39:40

María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 10:39:54

Daniel Castro García na data 15/10/2020 10:40:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis o goberno do estado español, non importa a súa color, volve á carga cun decreto que pretende regula-la aplicación de xurros e esterco en aras dunha pretendida contaminación do aire por amoníaco.

Este proxecto de decreto non atende a un desenvolvemento de directrices da UE, nace no ministerio que unha vez máis, en Madrid, sexa cal sexa a color do goberno non se atreven a levarlle a contraria ós lobbies do porcino e dos abonos de síntese e tentan que pague o desaguado das emisións de amoníaco o sector gandeiro de vacún, tanto de leite coma de carne, de Galicia e da Cornixa Cantábrica

O Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios está en período de alegacións que comezou o 29 de setembro pasado e rematará o 19 deste mes de outubro. A normativa que se pretende implantar novamente, prohibiría a aplicación de xurros mediante o sistema de prato, abanico ou canón, cando o contido en humidade dos esterco sexa igual ou superior ó 65%.

De entrar en vigor sen unha revisión substancial da norma sería un golpe mortal para a gandaría de leite e carne de Galicia. Unha vez máis a ignorancia temeraria, ou a



defensa de intereses alleos ó sector por parte do estado, para coas características edafolóxicas, climáticas, orográficas e de reparto da propiedade do país das galegas e dos galegos pon en perigo os sectores de carne e leite de vacún, que en maior medida manteñen vivas, economicamente activas e fixa poboación en amplas zonas do rural de Galicia, moi especialmente a gandaría extensiva de montaña.

O citado decreto obrigaría a implantar nestas explotacións gandeiras toda unha serie de requisitos para, teoricamente, controlar e racionaliza-lo uso de fertilizantes e xurros.

Cal se de explotacións contrarias ó equilibrio ambiental ou coma se de actividades perigosas para co medio ambiente se tratase, estas explotacións de vacún deberían incorporar a toda a burocracia, papeleo e complexa normativa que as asedia actualmente, unha serie de novas esixencias:

--Un plan de abonado para os cultivos forraxeiros e viñado con máis de 10 has. e na horta profesional con calquera superficie. Este plan terá que adaptarse nas aportacións de nutrientes, sen excederse en máis dun 10%, ás necesidades do cultivo, para o que terán que efectuarse análíticas varias en cada temporada e para cada cultivo.

--Un rexistro de aplicacións de fertilizantes como apartado no Caderno da Explotación.

--Un técnico autorizado que asesore en materia de fertilizantes.

--Inspeccións rigorosas da maquinaria de aplicación que garanta a súa eficiencia.

--Análíticas dos estercos e puríns ou lodos de depuración usados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero o prato forte do decreto en cuestión está na difícil adaptación ou no cambio de toda a maquinaria de aplicación, cisternas e tractores, e máis no volume e peso desta maquinaria que impediría o seu uso na maior parte dos terreos agrícolas galegos.

Seguindo o excelente informe-alegación do investigador da AGACAL--CIAM Juan Castro Insua, as repercusións económicas deste decreto serían inasumibles para unha alta porcentaxe de explotacións tanto de leite coma de carne de Galicia. Estas novas esixencias da condicionalidade ó cobro da PAC das explotacións gandeiras con terra deixaríaaas en franca desvantaxe fronte á maioría do resto de Europa.

O máis preocupante do Borrador é que amosa unha "baixa calidade da información sobre os sistemas de manexo do gando vacún" di Juan Castro, e isto si que é imperdoable. O citado Borrador ..."parte de datos incorrectos para facer os cálculos de emisións do sector de vacún de leite xa que non aparece información sobre o tempo que pasan as vacas e a recría de leite en pastoreo"... isto para tódalas vacas de leite e recría tanto de Galicia coma da Cornixa Cantábrica.

No artigo publicado na revista Campo Galego deste 12 de outubro pasado Juan Castro alude ós datos reais de pastoreo publicados polo CIAM, derivados dun proxecto financiado polo INIA no que participaron centros de investigación de toda a Cornixa Cantábrica, e Navarra.

<http://ciam.gal/pdf/informeinia.pdf>

Neste proxecto conclúese que:

1) O 61,2% das explotacións declararon realizar pastoreo con algún ou tódolos grupos do rabaño leiteiro (vacas en lactación, vacas secas e novelas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) Horas diarias de pastoreo das vacas en produción: max. 5,9 h no verán e mínimo 2,9 h no inverno, sendo significativamente menores as horas de pastoreo nas explotacións de maior tamaño

3) A superficie media pastada por explotación polo rabaño de vacas lactantes foi de 4,9 ha, representando o 30,0% da SAU e que ascendería a un total de 80,8 mil ha para o conxunto da zona Norte.

Tendo en conta os datos “reais” de pastoreo publicados neste informe, estímase que se reducirían as emisións aproximadamente nun 30% sobre as publicadas para o vacún de leite, o que equivalería, xa neste momento, a unhas reducións de emisións similares a que en toda España xa se estivera aplicando o sistema de baixas emisións de “mangueiras arrastradas” por tódolos gandeiros.

Por outro lado para o cálculo das emisións, os "expertos" do Ministerio nin teñen en conta as características climáticas de Galicia, no referente a temperaturas, nin as características dos nosos solos e a súa alta capacidade de intercambio catiónico que os fai menos propensos ás emisións de amoníaco. Claro que cando se fala de abonos químicos si se ten en conta esta diferenciación climática.

O Borrador ignora as boas prácticas agrícolas como efecto redutor destas emisións e que sería altamente saudable o seu fomento e xeralización ademais do seu mínimo custo económico. Entre elas estarían a promoción do pastoreo e a extensificación que tería outros beneficios, ademais da redución de emisións, como a menor dependencia de insumos exógenos aumentando a produción de pasto e o benestar animal.

O dimensionamento adecuado das fosas e a súa cubrición permitiríano-lo abonado cando o precisan os cultivos, no momento óptimo e non cando a fosa está chea,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

podendo así axusta-lo balance de nutrientes. Claro que isto reduciría o consumo de abonos de síntese e aí asoma o lobo as orellas...

O enterrado do xurro inmediatamente logo da súa aplicación, a formación de costra nas fosas... Son outras das prácticas agrícolas a fomentar antes de punir e obrigar a facer inversións millonarias e reformas drásticas que levarían ó endebedamento insostible dunha alta porcentaxe das explotacións de vacún galegas.

Se na elaboración do borrador houbo contactos coas CCAA desde este grupo parlamentario temos curiosidade polos informes presentados pola representación galega e as puntualizacións feitas diante o descoñecemento da realidade da ganadería galega amosada polo equipo socialista do goberno do estado que repite o mesmo descoñecemento amosado pola anterior ministra, esa vez do PP, sra. Tejerina.

Cremos que debemos asumir dunha vez o liderazgo dos sectores do leite e da carne de vacún (55% do estado) e actuar en consecuencia desde as nosas institucións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1-- Que reclame do goberno do estado a toma en consideración das razóns e singularidades expostas no argumentario desta iniciativa para que modifique este Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios e contemple así a realidade galega e evite a súa lesividade para cos nosos sectores gandeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2-- Que elabore un plan que inclúa as medidas necesarias para a extensificación, o pastoreo e as boas prácticas agrícolas que redunden na diminución das emisións do amoníaco, no benestar animal e na calidade dos nosos produtos agrogandeiros.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/10/2020 11:12:02

María González Albert na data 15/10/2020 11:12:14

María del Carmen Aira Díaz na data 15/10/2020 11:12:30

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2020 11:12:40



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Ovidio Rodeiro Tato, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereas Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

As previsións do Goberno de España, expresadas en sede parlamentaria nas últimas semanas, sitúan no ano 2022 o inicio do proceso de construción do primeiro dos cinco buques que integran o programa das Fragatas F-110, que se construírán nos estaleiros públicos da ría de Ferrol, que deberían dar ocupación a 7000 traballadores durante os próximos anos.

Desta forma o Goberno socialista recoñeceu o retraso acumulado dende a chegada de Pedro Sánchez á Moncloa, toda vez que os orzamentos de 2018 contemplaban unha partida orzamentaria de 250 millóns de euros para iniciar a construción, partida que non foi executada en 2018, nin en 2019, nin no que vai deste ano 2020, a piques de rematar.

Estes retrasos se producen xusto no momento no que os estaleiros da ría de Ferrol ultiman a construción do segundo dos buques do tipo AOS que a antiga Bazán constrúe para a Armada de Australia, que se finalizarán nos próximos meses.

Tamén cando o pasado mes de xuño, o Ministerio de Defensa contradicía ao PSdeG-PSOE encargando un buque BAM no estaleiro de Navantia en Puerto Real por un importe de 167 millóns de euros, o que dotará ao estaleiro andaluz de máis dun millón de horas de carga de traballo.

Preocupados por esta situación, o Parlamento de Galicia aprobou o pasado mes de setembro, a instancias do Grupo Popular, unha iniciativa instando ao goberno galego a demandar do Goberno de España de carga de traballo para os estaleiros ferroláns que permitan ocupar á plantilla de Navantia Fene-Ferrol, e á industria auxiliar, así como do desenvolvemento dos investimentos necesarios para dispor dun Estaleiro 4.0 que lle



permita seguir competindo e acadando novos contratos para o naval galego . Esa iniciativa contou co respaldo de todos os partidos con presenza na Cámara galega.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno de España a fixación dunha data, á maior brevidade posible, para o inicio da construción das fragatas F-110, ao tempo que se insta ao Ministerio de Defensa a encargar aos estaleiros de Navantia Ferrol a construción dun buque para a Armada Española, que permita dotar de carga de traballo inmediata á rúa de Ferrol, tanto para a plantilla principal como para a industria auxiliar”.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2020 12:14:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2020 12:14:48

Diego Calvo Pouso na data 15/10/2020 12:15:15

Marta Nóvoa Iglesias na data 15/10/2020 12:15:36

Cristina Sanz Arias na data 15/10/2020 12:15:53

Ovidio Rodeiro Tato na data 15/10/2020 12:16:12

José Antonio Armada Pérez na data 15/10/2020 12:16:24

Noelia Pérez López na data 15/10/2020 12:16:45

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/10/2020 12:17:00

Borja Verea Fraiz na data 15/10/2020 12:17:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a vixencia no ano 2020 do convenio sobre mediación intraxudicial no ámbito familiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de dez anos comezouse aplicar en Galiza o sistema de mediación intraxudicial no eido familiar. O éxito das intervencións fixo que se estendera a súa aplicación dende os xulgados de Compostela a do restos dos partidos xudiciais de Galiza.

Os beneficios da aplicación do sistema de mediación, que posibilite un eventual acordo para a solución das situacións de crise matrimonial, sobre o establecemento de medidas sobre a base exclusiva dunha resolución xudicial son evidentes.

Coa aplicación da mediación ás partes manteñen o control das eventuais solucións que se podan dar a controversia. Solución que será pactada por ambas as dúas partes, dándolle o contido que elas, de común acordo, decidan. Non hai vencedoras, nin derrotadas, pois o resultado é o froito da vontade conxunta e do dialogo das dúas partes.

Un eventual acordo permite unha solución máis rápida ao conflito, con maiores visos de ser respectado e observado pola partes e cun menor custe económico e social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo as vantaxes son incuestionables, e por iso resulta dificilmente comprensible como, chegado o mes de outubro de 2020 a Xunta de Galiza non asinara convenio algún colexios profesionais da avogacía e psicoloxía para este ano que remata, nin que exista comunicación algunha sobre a continuación futura de estes servizo. É dicir os colexios profesionais prestaron este servizo durante parte do ano 2020 sen a existencia dun compromiso da Xunta de Galiza que abeirase o pagamento, total ou parcial, dos custes de mantemento do mesmo, e o que é peor, esta situación de incerteza sobre o presente e sobre o futuro provoca que este recurso non estea dispoñible a día de hoxe.

En conclusión a pesares dos innegables efectos positivos do sistema de mediación intraxudicial no ámbito familiar, mesmo recoñecidos polo Vicepresidente Primeiro da Xunta de Galiza na súa comparecencia parlamentar para expoñer as liñas básicas da súa consellaría, nesta undécima lexislatura; non consta que a Xunta de Galiza realizase actuación algunha para o funcionamento deste servizo no ano 2020 e tampouco que garantise a dispoñibilidade futura do mesmo

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a garantir o funcionamento presente e futuro do servizo de mediación familiar intraxudicial.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2020 12:39:54

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2020 12:39:58

Iria Carreira Pazos na data 15/10/2020 12:40:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Carme González Iglesias**, e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os fondos europeos Next Generation.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após o Consello da Xunta de Galiza do pasado 8 de outubro o goberno galego daba a coñecer publicamente a creación dunha “comisión interdepartamental para promover e planificar os proxectos galegos que optarán aos fondos europeos Next Generation” que botou a andar o martes 13 de outubro e, repentinamente, pareceu estar en disposición de trasladar propostas ao goberno central o xoves 15 de outubro.

Resulta chamativo que a Xunta de Galiza tomara esta decisión despois de que o Partido Popular vetara a constitución en sede parlamentaria dunha ponencia para traballar os criterios e propostas a esixir desde Galiza e despois de que o mércores 7 de outubro se coñeceran as liñas arbitradas desde o Estado sen que Galiza fora quen de anticiparse ou de trasladar propostas ao respecto. Resulta así mesmo chamativa a falta de colaboración da Xunta de Galiza co Parlamento Galego, tanto na remisión de información como na súa participación.

A Xunta anunciaba que “leva tempo preparándose para aproveitar a oportunidade que supoñen estes fondos para impulsar a recuperación económica e poñer en valor o potencial de Galicia, tanto desde o punto de vista dos recursos naturais como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da capacidade das súas empresas e centros de coñecemento” mais continúa sen clarificar cuestións fundamentais, como establecer unha contía mínima á que Galiza debe aspirar, ou concretar máis alá de titulares as súas propostas sen que se poida dilucidar a veracidade de afirmacións como que “crear arredor de 1.700 empregos a través dun investimento público-privado que pode acadar os 1.300M€.”

Ademais, afirmábase que “para a xestión da tramitación administrativa dos proxectos que sexan validados pola comisión interdepartamental, crearase a Unidade de Proxectos Tractores dentro do Igape.” o cal tamén é chamativo tendo en conta a incapacidade manifesta deste organismo para intervir na grave crise industrial que padeceu Galiza xa na época pre-covid, para alén das deficiencias recorrentemente manifestadas nos informes do Consello de Contas.

Por outra banda, afirmábase que a Xunta xa apostara por un investimento público-privado de 3000 millóns de euros, e cos catro proxectos tractores e tres novas iniciativas transversais cuxa planificación está xa máis madura. Os catro proxectos son a instalación dunha planta de produción de hidróxeno verde; a implantación dun centro para o impulso da economía circular; a creación dun centro de fabricación de fibras téxtiles sostibles a partir da madeira, que permita diversificar un sector estratéxico para Galicia; e a instalación de nova potencia renovable, con 1000MW que permitirán o autoabastecemento do resto de proxectos. As tres iniciativas transversais, das que se beneficiarán os proxectos tractores, céntranse nas cadeas loxísticas sustentables para o transporte; un centro de innovación en tecnoloxías renovables de hidróxeno; e un laboratorio dixital para afondar en sistemas 4.0.”

O papel que consiga ter Galiza na consecución de fondos europeos será determinante para o noso país, mais para iso a Xunta de Galiza debe esixir criterios claros para o reparto, abordar as consecuencias da súa conficionalidade e esixir a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión directa dos fondos. Ademais, a planificación dos obxectivos debe ter unha abordaxe máis profunda e complexa da que unha comisión unilateral na que a Xunta de Galiza probablemente avance nun modelo industrial e enerxético fracasado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a abandonar a súa política de unilateralidade, exclusión dos axentes sociais relevantes, falta de transparencia e escurantismo respecto dos traballos do noso país para definir as liñas prioritarias para optar aos fondos europeos arbitrados para dar resposta á Covid-19. Particularmente, a comprometerse a:

1. Remitir ao Parlamento Galego de forma inmediata, no prazo máximo de 3 días, toda a información referente a planificación de proxectos, notificacións enviadas a institucións europeas e estatais.

2. Rexeitar a centralización de fondos e reclamar do goberno central a xestión directa dos fondos de Galiza e respecto ás competencias propias afectadas.

3. Remitir ao Parlamento galego, para o seu debate e traslado de achegas, as seguintes cuestións:

3.1 Proposta de obxectivo concreto de contía que correspondería a Galiza respecto dos fondos europeos da covid-19

3.2 Estimación do impacto dos recortes dos fondos preexistentes.

3.3 Liñas estratéxicas a negociar co Estado e proposta de criterios de reparto.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2020 13:52:09

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2020 13:52:13

Daniel Pérez López na data 15/10/2020 13:52:31

María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 13:53:15

Ramón Fernández Alfonso na data 15/10/2020 13:53:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a evolución das pandemia da Covid-19 no ámbito universitario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución dos contaxios por Covid no ámbito da universidade galega está a manifestar un incremento preocupante de casos nas últimas semanas.

Na actualidade Compostela é, por detrás de Ourense, a cidade que presenta maior incidencia acumulada de Covid con máis de 200 casos por cada 100.000 habitantes.

Ante esta situación, a única resposta ofrecida pola Xunta de Galiza foi a de culpar o estudantado polas “festas universitarias”. Acusación gratuita que non está confirmada até o de agora en ningún dos datos relativos ao seguimento dos contaxias.

A escasa información que está a facilitar a Xunta de Galicia sobre os gromos que se están a dar e a falta de datos sobre rastrexo dos mesmos que confirme estas acusacións do goberno galego, sitúan a comunidade universitaria nunha situación de incerteza que esixe respostas e clarificacións por parte da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que ante unha crise como a que estamos a vivir, o goberno galego debería aclarar cal é o fundamento no que se basea para culpar ao estudiantado do incremento dos casos de covid-19 na universidade galega.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1º Que informe sobre os datos de rastrexo que confirman que o incremento de casos de Covid-19 son causados polas festas universitarias.

2º Que informe sobre dos datos actuais de evolución da Covid-19 no ámbito da universidade galega e nas residencias universitarias.

3º Que informe das medidas que se están a adoptar nestas cidades de maior presenza universitaria ante o incremento de casos.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/10/2020 14:04:54

Daniel Castro García na data 15/10/2020 14:05:05

Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2020 14:05:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

É imprescindible avanzar cara novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional. As expectativas para o ano actual e os 2021 e 2022, falan dunha ralentización do crecemento moi importante debida á pandemia da Covid-19.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento, e do estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas.

É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial, non so dos sectores industriais máis intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais maduros.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0. E aínda máis nun contexto no que a ampliación da Unión Europea e a crise trouxeron consigo o establecemento de facilidades para a deslocalización de empresas galegas cara a outros territorios da Unión Europea.

O Grupo Parlamentario Socialista demanda á Xunta de Galicia a que aposte por unha I+D+I reforzada e orientada aos resultados, atendendo en prioridade ás actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, fortalecendo o sistema de ciencia e tecnoloxía, incrementando as aportacións públicas ao mesmo.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar medidas de apoio para que Galicia non se quede fóra en sectores de tecnoloxía punteiros como a robotización, a intelixencia artificial, a computación na nube, os macrodatos ou o despregamento do 5G.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/10/2020 16:17:46

Martín Seco García na data 15/10/2020 16:17:51

Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 16:18:01

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 16:18:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

É imprescindible avanzar cara novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional. As expectativas para o ano actual e os 2021 e 2022, falan dunha ralentización do crecemento moi importante debida á pandemia da Covid-19.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento, e do estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas.

É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial, non so dos sectores industriais máis intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais maduros.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0. E aínda máis nun contexto no que a ampliación da Unión Europea e a crise trouxeron consigo o establecemento de facilidades para a deslocalización de empresas galegas cara a outros territorios da Unión Europea.

O Grupo Parlamentario socialista demanda a Xunta de Galicia a que aposte por unha I+D+I reforzada e orientada aos resultados, atendendo en prioridade ás actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, fortalecendo o sistema de ciencia e tecnoloxía, incrementando as aportacións públicas ao mesmo.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un soporte de axudas para medidas de dixitalización industrial que suporían unha oportunidade para promover a innovación, a eficiencia e as tecnoloxías sustentables, motores da competitividade.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/10/2020 16:22:20

Martín Seco García na data 15/10/2020 16:22:28

Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 16:22:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 16:22:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o rexistro, censo e plans de infraestruturas deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos xa a finais do ano 2020 e segue a resultar moi difícil coñecer a que van dedicados os investimentos que a Secretaría Xeral para o Deporte fai no eido das infraestruturas deportivas, así coma os criterios utilizados pola mesma para seleccionar os concellos e as obras financiadas mediante convenios. De igual maneira, resulta laborioso ter acceso tanto á totalidade dos convenios, coma ao seu obxecto ou á súa contía.

Unha das causas desta situación é a inexistencia dun Rexistro e Censo de Infraestruturas Deportivas e dun Plan Xeral de Infraestruturas e Equipamentos Deportivos de Galiza, instrumentos imprescindibles para coñecer os equipamentos existentes e o seu estado, así como as necesidades presentes e futuras. Alén disto, a situación faise aínda máis alarmante se temos en conta que o Rexistro, o Censo e o Plan son actuacións fundamentais previstas na Lei do deporte de Galiza do ano 2012 e que aínda están pendentes de realización, feito que pon en evidencia a falta de xestión do goberno galego nesta materia.

Velaquí o que prevé ao respecto a Lei galega do deporte do ano 2012:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“TÍTULO VI

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

CAPÍTULO I

REGISTRO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE GALIZA

Artigo 76. Definición de instalación deportiva.

1. Considérase instalación deportiva convencional calquera espazo aberto ou pechado, infraestrutura ou inmovible proxectado ou adaptado especificamente para a práctica do deporte que estea dotado das condicións aptas para o exercicio de calquera das súas modalidades ou especialidades.

2. Considéranse espazos deportivos non convencionais aqueles nos que se desenvolven actividades deportivas e que se adaptan ás características do medio, natural ou urbano.

3. Para os efectos desta lei, as instalacións deportivas clasifícanse en instalacións de uso público e privado. Teñen a consideración de instalacións de uso público aquelas abertas ao público en xeral, con independencia da súa titularidade ou da esixencia de contraprestación pola súa utilización.

4. Regulamentariamente poderase establecer unha tipoloxía de instalacións, así como un sistema de clasificación destas, atendendo, entre outras circunstancias, ás características da súa oferta deportiva e á calidade dos servizos prestados.

Artigo 77. Rexistro e finalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Correspóndelle á Administración autonómica a creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galiza, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma.

2. A inscrición no rexistro da instalación deportiva correspondente será condición para poder realizar competicións deportivas de carácter oficial de calquera ámbito territorial.

3. A inscrición poderá ser denegada cando a instalación non cumpra as habilitacións técnicas nin os requisitos necesarios para a práctica deportiva segura.

4. Os datos que figuran no rexistro servirán para confeccionar o censo de instalacións deportivas, que se publicará coas agrupacións e clasificacións suficientes para dar a coñecer a situación das infraestruturas na Comunidade Autónoma e contribuír á planificación das novas que se poidan construír.

5. Os datos das infraestruturas que se inclúen no censo reflectirán, polo menos:

a) A situación territorial.

b) A súa titularidade.

c) O estado de conservación e os servizos cos que contan.

d) A capacidade e a accesibilidade para persoas con algunha discapacidade, de acordo coas condicións legais establecidas na normativa sectorial autonómica de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

e) As modalidades deportivas que se poidan desenvolver.

CAPÍTULO II





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PLAN XERAL DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS

Artigo 78. Finalidade e competencia para a súa elaboración.

1. Co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galiza, do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galiza.

2. Correspóndelle á Administración autonómica a redacción e aprobación deste plan. A aprobación levará implícita a declaración de utilidade pública ou interese social das obras e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios para levar a cabo a súa execución, para os efectos de expropiación forzosa ou imposición de servidumes.

3. O mencionado plan determinará os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral, establecerá as determinacións e a súa tipoloxía técnica e sinalará as etapas necesarias para a súa execución.

4. O Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galiza deberá ser revisado cada cinco anos co fin de conseguir a súa actualización e adaptación ás necesidades deportivas.”

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Elaborar e facer público no presente ano 2020 o Censo de Infraestruturas Deportivas de Galicia, previsto na Lei galega do deporte do ano 2012.

2. Elaborar e facer público no prazo máximo de 6 meses o Plan Xeral de Infraestruturas Deportivas de Galicia, previsto na Lei galega do Deporte do ano 2012. Con carácter previo á súa publicación, o Plan enviarase ao Parlamento para o debate e aprobación.

3. Tramitar polo procedemento de convocatoria en concorrencia competitiva as axudas ás entidades locais para a construción e mellora de equipamentos deportivos de titularidade municipal.

4. Elaborar e enviar ao Parlamento un informe sobre todas as axudas concedidas a concellos na presente e pasada legislatura mediante convenio ou subvención para a construción ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal, onde figuren todas as actuacións, o obxecto, a contía e os concellos beneficiarios coas cantidades asignadas a cada un deles.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/10/2020 16:39:49

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2020 16:39:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2020 16:40:03

Iria Carreira Pazos na data 15/10/2020 16:40:11



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A crise sanitaria provocada pola Covid-19, coa consecuente paralización da actividade en órganos e servizos xudiciais derivada das sucesivas prórrogas dos estados de alarma trouxo consigo, entre outras situacións, un cesamento nas solicitudes dos días de goce de vacacións e asuntos particulares, debido a que na maioría dos casos non existía a obrigação de acudir ao traballo presencial.

A isto hai que engadir a inseguridade e a imposibilidade de desprazarse debido os confinamentos e iso fai que os funcionarios e funcionarias teñan sen desfrutar a totalidade de días de asuntos particulares e vacacións.

Estas circunstancias fan recomendable unha flexibilización do período legal máximo de goce das devanditas vacacións e permisos xa que a acumulación dos mesmos pode dar lugar a que a prestación do servizo en órganos e servizos xudiciais se vexa prexudicada ante a concentración de solicitudes de goce nas próximas datas de nadal, aspecto agravado polo atraso nas actuacións xudiciais provocado pola pandemia.

O director xeral recoñeceu que se está a estudar esta posibilidade, pero que aínda é pronto para decidilo porque non se sabe como vai evolucionar a pandemia.

A Dirección Xeral de Xustiza de Galicia, non pode ser alleo a realidade que está a vivir a nosa comunidade, na que se está a entrar nunha segunda nova ola da pandemia da covid-19, están aumentando os casos de confinamentos por zonas, polo tanto é necesario tomar esta medida de ampliación do desfrute das vacacións e asuntos particulares ata 31 de maio de 2021, para no prexudicar a Administración de Xustiza posto que nas próximas datas de nadal se paralizaría a actividade.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se amplíe o prazo de desfrute de vacacións e asuntos particulares da Administración de Xustiza ata o día 31 de maio.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 16:47:35

Pablo Arangüena Fernández na data 15/10/2020 16:47:54

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 16:48:07



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A transparencia e a facilitación de información sobre a afectación da covid-19 é un dos elementos que está xerando maior confusión e disparidade de accións por parte da Xunta de Galicia. Durante meses, os datos ofrecidos evitaron as series que permitiran establecer comparativas e mellor análise da evolución. Tampouco existen datos abertos, que permitan obter a información a investigadores, periodistas e axentes sociais, económicos ou políticas que permitan facer análises propios e contribuír con conclusións.

De maneira sinalada, fornecer datos aos concellos é un dos debates existentes dende o principio da pandemia, especialmente agravado dende o momento en que a xestión pasou a estar integramente dirixida pola Comunidade Autónoma e as medidas tómanse por concellos. Neste contextos, numerosas alcaldías e a Federación Galega de Municipios e Provincias estiveron reclamando maior información, para poder servir de axuda e colaboración na toma de medidas e loita contra a pandemia. A pesar disto, o goberno da Xunta de Galicia negou esta información, e o propio presidente da Xunta de Galicia cualificou esta información como “perigosísima”. Lonxe de establecer un debate sobre se é necesario ou non compartir estes datos, ou existen outras posibilidades, o Goberno galego modificou a súa postura e anunciou a información por concellos. Non en tanto, demorou máis dunha semana dende que se prometeron ata que finalmente se entregaron.

Esta información que se facilita non é, non en tanto, unha información concreta de datos, se non que se entrega un mapa de gravidade por concellos, que non esclarece tendencias nin posición concreta dos concellos. Con esta información, sendo mellor que nada, tampouco é posible establecer posicións e evolucións que permitan aos concellos tomar medidas claras.



Esta falta de información, que si se filtra dende a Xunta de Galicia a outros axentes como medios de comunicación, deixa de lado a colaboración institucional cos concellos, e impide accións coordinadas e complementarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar o sistema de información ofrecido aos concellos galegos, e ofrecer os datos exactos de contaxiados, casos activos, curados e todos aqueles de que dispoña para aumentar a coordinación institucional para combater a pandemia.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 16:55:40

Marina Ortega Otero na data 15/10/2020 16:55:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/10/2020 16:55:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 16:56:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O ordenamento xurídico español reconece o dereito á propiedade privada no seu artigo 33 da CE, en consecuencia articula un completo mecanismo de protección para este dereito tanto na vía penal, como civil ou administrativa.

Nas últimas semanas a dereita deste país está a intensificar unha campaña de medo, na que pretende facer crer á opinión pública, que existe un verdadeiro problema de ocupación no noso país, tentando xerar alarma social. O Partido Popular magnifica por intereses políticos un problema a día de hoxe minoritario.

Se temos en conta os datos obxectivos publicados polo INE en relación ás condenas por estes delitos de ocupación, a realidade do noso país é moi distinta.

No ano 2019 ditáronse 238 condenas por delito de violación de morada (artigo 202 Código Penal: ocupación dunha casa habitada, 1ª ou 2ª residencia); e 4.687 condenas por delito de usurpación ben inmovible (artigo 245 Código Penal: ocupación dunha vivenda baleira, na maioría dos casos vivenda ruínosa ou pertencente aos bancos ou fondos voítres).

Se analizamos este dato con perspectiva no tempo, decatámonos que estes delitos sufriron un incremento notable durante os gobernos do PP:

- Delito de violación de morada 2013: 315; 2017: 327 condenas ao ano.
- Delito de usurpación ben inmovible 2013: 1.669; 2017: 6.757 condenas ao ano. Mentres que esta cifra diminúe dende que o Partido Socialista goberna este país.
- Delito de violación de morada 2018: 285 ; 2019: 238 condenas ao ano.
- Delito de usurpación ben inmovible 2018: 6.028; 2019: 4.687 condenas ao ano.



En Galicia a incidencia deste delito é aínda menor, no ano 2019 este tipo de delitos supuxo unicamente o 0,16 % do total das infraccións penais (129 casos). Na Coruña rexistráronse 54 ocupacións ilegais, 40 en Pontevedra, e 7 en Ourense e Lugo.

Isto fainos chegar a varias conclusións, a primeira é que non existe un problema social coa ocupación de vivenda habitada no noso país, xa sexa 1ª ou 2ª residencia.

Pola contra en relación á ocupación de vivenda baleira, e a pesar da baixada de casos no ano 2019, si se aprecia no tempo un incremento na ocupación, sen que chegue por suposto a ser preocupante.

Os motivos obxectivos que xustifican este incremento na ocupación producida durante os anos de goberno do PP tanto a nivel nacional como autonómico, son a falta de políticas públicas en materia de vivenda, e o recorte de medidas sociais que axuden a familias en risco de exclusión social a facer fronte aos gastos derivados do uso ou adquisición dunha vivenda.

Pola contra a baixada destes datos dende que o Partido Socialista chegou ao Goberno xustifícase polo incremento de axudas sociais, e de medidas coma o IMV, axudas ao aluguer ou para facer fronte aos consumos.

En Galicia, preto de 230.000 vivendas, segundo datos do IGE, son a día de hoxe vivendas baleiras, e delas máis do 25 % nas sete principais cidades, xustamente alí onde a demanda de vivendas, é máis forte, especialmente para o alugueiro.

Faise pois preciso desenvolver medidas potentes que pasarán polo impulso prioritario do parque público de vivenda en aluguer, por acadar unha xestión moito máis eficiente do parque público de vivendas protexidas, co fomento do mantemento e rehabilitación dos edificios, actuando sobre a cidade, aproveitando o parque xa existente e avanzando na innovación en vivenda, implantando modelos que se adecúen as necesidades da poboación nova e outros colectivos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Actuar con responsabilidade, e deixe de atemorizar á poboación con datos non reais.



2. Impulsar políticas de vivenda que garantan o acceso da cidadanía a unha vivenda digna, combatendo especialmente o uso da vivenda como un ben especulativo e non coma un dereito de todas e de todos.
3. Desenvolver medidas que pasen polo impulso prioritario do parque público de vivenda en aluguer, por acadar unha xestión moito máis eficiente do parque público de vivendas protexidas, implantando modelos que se adecúen ás necesidades da poboación nova e outros colectivos.
4. Mobilizar un gran parque de vivenda desocupada.
5. Facer unha análise da situación real da ocupación de vivendas baleiras no noso país.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 16:51:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2020 16:51:27

Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2020 16:51:38

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 16:51:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Rosana Pérez Fernández e Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á necesidade de decretar un cese de actividade nos bancos marisqueiros que explotan a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril están pasando unha difícil situación como consecuencia da redución drástica da produción dos bancos marisqueiros que traballan.

No inverno pasado, houbo toda unha serie de temporais que danaron de moita consideración os recursos dos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia Compostela-A Concha. No primeiro producíse unha mortalidade do 82% na ameixa fina, 97% no berberecho e do 78% na ameixa xapónica. No banco da praia Compostela-A Concha a mortalidade da ameixa babosa foi do 98%, do berberecho do 76% e da xapónica do 45%.

O recente temporal Alex, veu a agravar a situación até facela insostíbel. Nos bancos da praia Compostela-A Concha producíse un novo dano sobre o recurso marisqueiro pola acción combinada da acumulación de algas e o movemento dos fondos que orixinou un escalón a modo de muro ao longo de toda a praia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A consecuencia destes temporais temos que unha agrupación formada por 86 persoas leva meses sobrevivindo cun nivel de produción de pouco máis do 20%. Unha agrupación que realizou un investimento de arredor de 80.000 euros en semente no banco de Compostela-a Concha no obxectivo de poder centrar as vindeiras campañas, fundamentalmente a do nadal, no mesmo; mais a realidade é que se encontran co recursos minguado.

Diante desta situación teñen solicitado á Consellaría do Mar que decrete un cese de actividade por un período de seis meses nos dous bancos que explotan para permitir a recuperación dos mesmos. Non realizar este significaría unha sobre-explotación do escaso recurso e hipotecar definitivamente as campañas futuras.

O BNG considera máis que xustificábel a demanda. A Consellaría do Mar ten que poñerse do lado do sector cando ten problemas, como é o caso, e atender as súas demandas, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego, en concreto á Consellaría do Mar a decretar un cese de actividade por un período de seis meses nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia Compostela-A Concha que explotan a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril para permitir a recuperación dos recursos marisqueiros nos mesmos, minguados pola altísima mortalidade producida polos temporais do pasado inverno e do recente Alex.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2020 17:11:52

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2020 17:11:56

María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 17:12:08

Daniel Castro García na data 15/10/2020 17:12:36

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2020 17:12:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carme González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas de apoio previstas para os autónomos e as autónomas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 6 meses de pandemia o colectivo de autónomos e autónomas está a sufrir unha fonda crise que está levando a unha perda preocupante de traballos do colectivo.

O impacto da crise da Covid-19 e as semanas de obrigado peche, son un golpe que lles afecta de forma drástica e que pon en xaque o seu futuro nun contexto no que se prevén meses nos que o consumo por parte das e dos usuarios será tamén moderado pola constrición económica e a perda de postos de traballo.

Nesta situación, os seus ingresos foron escasos ou nulos, mais seguiron tendo que pagar os gastos estruturais dos seus negocios (alugueiro, luz, auga, ...).

Con esta situación, atopámonos con que a gran perda de postos de traballo do colectivo prognostícanse para o outono, podendo levar, segundo algúns cálculos á perda do 30% dos autónomos/as do País.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos pequenos negocios de Galiza e non entendemos que a Xunta de Galiza non adopte ningún tipo de axuda directa como as que están impulsando a maioría dos territorios, gobernados por diferentes forzas políticas, e así garantir os postos de traballo dun colectivo que constitúe un piar da nosa economía.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Destinar axudas directas para os autónomos e autónomas que sexan compatibles coas do Estado.

2. Impulsar compensacións por “limitación de actividade” para as que non poden reiniciar a súa actividade ou estean condicionadas por novas normas sanitarias ou de aforo. Esta compensación debe ser compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento que se poda outorgar dende outra Administración Pública.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Carme González Iglesias**
Ramón Fernández Alfonzo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2020 17:22:29

María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 17:22:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/10/2020 17:22:39

Daniel Pérez López na data 15/10/2020 17:22:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A covid-19 causou estragos na Unión Europea e nos seus Estados membros, cobrándose a vida de preto de 150.000 persoas e inflixindo unha dor irreparable a milleiros de persoas.

Lamentablemente, e unha vez máis, a Unión Europea non estaba preparada para facer fronte a esta nova crise ao non contar cos instrumentos comunitarios necesarios para combatela de xeito inmediato, colectivo, eficaz e solidario.

A crise puxo de manifesto a fragilidade das nosas capacidades e instrumentos comúns de goberno económico e social ante tal desafío, nun momento no que se comprobou que a única resposta posible é una acción pública firme e ambiciosa.

Con todo, e a diferenza da anterior crise económica, a pesar do desconcerto inicial, a UE soubo reaccionar ante a pandemia de xeito diferente e moito máis áxil: o Banco Central Europeo adoptou en marzo un programa de adquisición de activos por valor de 750.000 millóns de euros, ampliado posteriormente a 1,35 billóns para inxectar liquidez na economía europea. Pola súa banda, a Comisión Europea activou por primeira vez a cláusula xeral de escape flexibilizando ao máximo as normas orzamentarias da Unión para que os Estados membros puidesen contrarrestar os efectos da pandemia sen dificultade; flexibilizou ao máximo as normas de axudas de Estado e mobilizou paquetes de axudas para proporcionar liquidez ás pequenas e medianas empresas e á asistencia sanitaria. Así mesmo, puxo en marcha o programa SURE, mobilizando 100.000 millóns de euros en créditos para sustentar programas de apoio temporal ao emprego como os ERTE españois.

Non obstante, a virulencia da pandemia e as medidas adoptadas para combatela, con peches e confinamentos ao longo e ancho dos 27 Estados membros, esixía una resposta fiscal capaz non só de frear o golpe no inmediato, senón de asentar a recuperación da actividade e o emprego a medio e longo prazo.



Así o entendeu o Goberno de España, que desde o primeiro momento, xunto con outros países gravemente afectados pola covid como Italia e Francia, liderou a defensa da necesidade de adoptar un paquete de estímulos fiscais a nivel comunitario capaz de asentar a recuperación económica sen deixar a ningunha atrás.

Tras semanas de intensas negociacións, tales medidas cristalizaron no Consello Europeo do pasado 21 de xullo, onde os líderes europeos pecharon un acordo histórico para a creación dun Fondo de Recuperación e Resiliencia, a principal ferramenta do Plan coñecido como *Next Generation EU*, por valor de 750.000 millóns de euros para investir na reactivación da economía no período 2021-2023, unha parte do cal -390.000 millóns- se destinará a subvencións e o resto -360.000 millóns- a préstamos aos Estados membros.

Como país fortemente golpeado pola covid-19, España será un dos Estados membros máis beneficiados do Fondo de Recuperación ao percibir arredor de 72.000 millóns de euros en axudas a fondo perdido e arredor de 68.000 millóns en préstamos que deben servir para impulsar a recuperación da economía española e propiciar a transformación do seu modelo produtivo.

Pero a liberación dos fondos non é automática: cada Estado membro deberá solicitar o acceso a eles presentando plans de investimentos e reformas orientadas a impulsar o potencial de crecemento, a creación de emprego e a resiliencia económica e social, resultando indispensables ademais neste contexto os proxectos que contribúan á transición ecolóxica e dixital.

O Fondo de Recuperación abre, polo tanto, un escenario de oportunidade que Galicia non pode deixar pasar. Como comunidade afectada de importantes desequilibrios socioeconómicos e golpeada por una profunda crise demográfica, pero tamén como comunidade cun rico e dinámico tecido produtivo en campos cruciais para as transicións, ecolóxica e dixital, como as enerxías renovables, a construción naval ou a mobilidade sustentable, Galicia debe dotarse dunha estratexia capaz de sacar o máximo rendemento do Fondo de Recuperación europeo.

Galicia, co Goberno autonómico ao fronte, debe elaborar un plan global para a captación e investimento dos fondos comunitarios nos sectores estratéxicos da comunidade co obxectivo de combater non só as consecuencias negativas da pandemia senón para contrarrestar a dinámica de atonía económica da última década e reconstruír un novo modelo produtivo capaz de facer fronte ás revolucións ecolóxica e dixital desde a xustiza social.



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Remitir as conclusións da Comisión creada no seo do Goberno galego baixo o nome *Next Generation Galicia* ao Parlamento de Galicia co fin de traballar conxuntamente cos grupos parlamentarios para acordar os proxectos que presentará Galicia ao goberno do Estado para ser incluídos nos fondos extraordinarios europeos *Next Generation UE*.

2º) Dirixirse aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados para sacar adiante os Orzamentos Xerais do Estado para 2021, por ser esta a vía fundamental para que os fondos extraordinarios europeos previstos para paliar os efectos da crise social e da crise económica derivadas da pandemia da covid-19 se poidan destinar ao Plan proposto pola Comisión *Next Generation Galicia* e acordado no Parlamento de Galicia entre todas as forzas políticas.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2020 13:29:25

Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/10/2020 13:29:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2020 13:29:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A estrada de titularidade autonómica AC-546 é a principal vía de comunicación entre Santiago e a Costa da Morte, unha vía de comunicación que é transitada cada ano por máis de millón e medio de vehículos.

A citada estrada divide á metade as parroquias da Barcala, Ordoeste e Corneira, todas elas pertencentes ao concello da Baña, razón pola que diariamente esa veciñanza, moita de alta idade, ten que cruzar o viario, coa perigosidade que supón ao non existir ningún paso de peóns.

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa a que por parte da Xunta se convoque unha mesa de negociación para salvar a conserveira Thenaisie.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma e a preocupación social existente en Ogrobe e pola necesidade de adoptar medidas urxentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conserveira Thenaisie Provoté é unha das empresas máis importantes do concello de Ogrobe, un motor económico fundamental. Unha conserveira con máis de 100 anos de historia. Na actualidade conta con 125 empregos directos entre a planta produtiva, situada en Ogrobe, e a parte loxística no concello de Mos, aos que hai que sumar os 200 temporais e os indirectos, 90% mulleres. En 2018 foi adquirida por unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresa romana, Scandia Food, que pasou a ser socio único, e que en apenas dous anos levouna a concurso de acredores.

Hai moitísima preocupación pola situación da empresa, porque chove sobre mollado, no Salnés fomos vendo como as empresas dun sector estratéxico como é o da conserva, que chegou a xerar miles de postos de traballo, fundamentalmente mulleres foron desaparecendo unha tras outra.

A situación de incerteza das traballadoras de Thenaisie é total. Están loitando polos seus postos de traballo, polo seu presente, mais tamén polo futuro, pola permanencia de actividade industrial que garanta traballo a outras xeracións.

Levan transcorridos máis de cinco meses desde a declaración da empresa en concurso voluntario de acredores. sen que se teña presentado unha solución.

O máis cerca que se estivo dunha alternativa foi a proposta dun empresario galego, que explicitou publicamente o seu compromiso, diante do comité de empresa, de todos os grupos políticos con representación no concello de O Grove, que manifestaron o seu apoio a esta oferta ao igual que Anfaco e Zona Franca de Vigo por vela viábel ao garantir o mantemento dos postos de traballo e a actividade produtiva, e a actual propietaria boicoteouna.

Despois de meses sen que se tivese avanzado cara a unha solución, e tras o fracaso das xestións da Xunta para atopar novos inversores, o comité de empresa decidiu dirixirse de novo a este empresario, atopando a súa disposición a volver a presentar a súa proposta para a empresa, polo que por unanimidade decidiron apoiar o proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta ten manifestado que a súa prioridade é atopar un inversor, un socio industrial para que se faga coa empresa, xa que a mesma ten que ter saída toda vez que conta con instalacións modernas, cadro de persoal experimentado e capaz e un sector da conserva á alza.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- Coida que Galiza pode seguir perdendo máis tecido industrial, en especial nun sector que tiña que ser estratéxico como é o conserveiro?

- Vai convocar a Xunta unha mesa de negociación para facer unha fronte común para salvar Thenaisie toda vez que hai un socio inversor galego que ten manifestado a vontade de facerse coa empresa?

- Que accións está realizando a Xunta de Galiza para permitir a viabilidade e o mantemento de todos os postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoaté, situada no concello de Ogrobe no de Mos?

- Está buscando, como alternativa prioritaria, unha solución de capital galego, que permita a titularidade galega da empresa?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Manuel Lourenzo Sobral
M^a Carmen Aira Díaz
Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2020 13:55:20

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2020 13:55:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/10/2020 13:55:42

María del Carmen Aira Díaz na data 19/10/2020 13:55:50

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2020 13:56:01

Iria Carreira Pazos na data 19/10/2020 13:56:14

Daniel Castro García na data 19/10/2020 13:56:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/10/2020 13:56:37

María González Albert na data 19/10/2020 13:56:50

María do Carme González Iglesias na data 19/10/2020 13:56:58

Rosana Pérez Fernández na data 19/10/2020 13:57:09

Daniel Pérez López na data 19/10/2020 13:57:24

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2020 13:57:35

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2020 13:57:46

Mercedes Queixas Zas na data 19/10/2020 13:57:55

Paulo Ríos Santomé na data 19/10/2020 13:58:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/10/2020 13:58:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/10/2020 13:58:23

Alexandra Fernández Gómez na data 19/10/2020 13:59:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID-19 supuxo un cambio brutal para o conxunto da poboación. Tamén as medidas adoptadas polas distintas administracións co obxectivo de conter o avance do virus, de maneira especial, a declaración do estado de alarma e dun confinamento xeralizado, situación nunca antes vivida por, practicamente, ningunha xeración viva.

Malia que o confinamento tivo efectos sobre o conxunto da poboación, fíxoo de maneira especial e máis notábel sobre os colectivos máis vulnerábeis, entre eles, as mulleres pois ocupan, ocupamos, un importante número de traballos naqueles sectores considerados como esenciais (servizos, limpeza, alimentación...) mais tamén son as que de maneira case exclusiva asumen o coidado de persoas dependentes (crianzas e adultas), persoas con discapacidade...

Especialmente vulnerábeis foron e son as mulleres en situación de violencia machista ou en situación de prostitución e/ou trata; as mulleres migrantes e as mulleres con discapacidade.

Cómpre facer importantes análises sobre todo o acontecido en Galiza desde que foi declarada a emerxencia sanitaria e o impacto que as medidas adoptadas nese contexto tiveron desde unha perspectiva de xénero e profundamente feminista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza o impacto e efectos que tivo sobre as mulleres a pandemia e, especialmente o confinamento?
- E sobre as mulleres en situación de violencia machista e en situación de prostitución? E con discapacidade?
- Ten elaborado ou pensa elaborar algún estudo ao respecto?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 18:29:00

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 18:29:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 18:29:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso planeta sofre unha grave crise ambiental provocada por un modelo de desenvolvemento baseado na depredación de recursos naturais. A alteración dos equilibrios ecolóxicos, a perda masiva de biodiversidade, a emerxencia climática, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a perda de recursos hídricos e as secas, os incendios de grandes dimensións son manifestacións dramáticas dunha realidade que pon en risco o futuro do planeta e da humanidade.

Para facerlle fronte a esta crise ambiental e a unha das súas manifestacións máis destacadas, o cambio climático, aprobáronse diversos acordos internacionais, o último deles o Acordo de París, no que establecen obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro coa finalidade de acadar a neutralidade climática en 2050.

A partir da Decisión do Consello Europeo de 2019 de respaldar o obxectivo de neutralidade climática para 2050, a Comisión propuxo en marzo de 2020 a Lei Europea do Clima, que converte a neutralidade climática nunha esixencia legal.

O actual obxectivo de redución de emisións da EU para 2030 é do 40% con respecto a 1990. A Comisión propuxo recentemente aumentar este obxectivo cando menos ao 55% na súa proposta modificada da Lei Europea do Clima.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Posteriormente, o parlamento europeo aprobou o mandato de negociación sobre a Lei Europea do Clima por 392 votos a favor, 161 en contra e 142 abstencións. A eurocámara entende que a EU no seu conxunto e cada un dos Estados por separado deben lograr a neutralidade en carbono para 2050 e que a partir de entón a Unión Europea deberá acadar un saldo negativo.

Para conseguir este obxectivo, o parlamento europeo acordou un obxectivo máis ambicioso e pide unha redución do 60% para 2030. Asemade propón que a Comisión estableza un obxectivo intermedio para 2040 coa finalidade de garantir que se avanza polo bo camiño cara ao obxectivo de 2040. Ademais, o acordo da eurocámara prevé a creación dun organismo independente encargado de avaliar se a política é coherente e avalar os avances.

A necesidade de traspoñer este marco legislativo obriga a revisar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, así como o Primeiro Plan Operativo coas medidas previstas até 2023. Por outra parte, a pandemia da COVID 19 mudou por completo as necesidades e prioridades en materia de medio ambiente, transición enerxética, loita contra o cambio climático ou defensa da biodiversidade. A crise sanitaria, social e económica provocada pola COVID 19 súmase á preocupante crise ambiental e obriga a acelerar moitas mudanzas, tanto no ámbito das reformas sectoriais como no eido das mudanzas estruturais.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Considera necesario o goberno galego elaborar e aprobar unha nova Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, á luz da Lei Europea do Clima e do mandato do Parlamento europeo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Cre o goberno galego que tanto a elaboración como a aprobación e execución desta Estratexia debe comprometer a todos os ámbitos institucionais e a unha ampla representación da sociedade galega?

3. Considera o goberno galego que a pandemia da COVID debería acelerar moitos cambios estruturais e reformas relacionadas co clima, coa economía e a enerxía?

4. Comparte o goberno galego a necesidade de crear un organismo independente encargado de avaliar os avances da Estratexia e de velar polo cumprimento dos obxectivos e prazos para a redución das emisións?

5. Cre a Xunta que se debería modificar a estrutura do goberno para que a loita contra a crise ambiental e a emerxencia climática teña un maior rango institucional e capacidade de impulsar e coordinar as políticas do goberno nesta materia?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2020 10:51:47

Paulo Ríos Santomé na data 09/10/2020 10:51:57

Alexandra Fernández Gómez na data 09/10/2020 10:52:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas para garantir alternativas de ocio para a mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o anuncio do Estado de Alarma o pasado marzo, foron moitos os sectores afectados polo efecto do confinamento e as medidas especiais adoptadas ante a grave crise sanitaria que vivimos. Estes tempos convulsos inciden directamente na vida diaria e nos hábitos do conxunto da poboación. Cando ten lugar unha crise, a poboación máis vulnerábel é quen máis sofre as consecuencias da mesma. Esta é a situación da mocidade galega.

As mozas do noso país sufrimos esta crise sanitaria en moitos ámbitos, xa sexa a nivel estudantil, do emprego no ámbito do ocio e o desenvolvemento de actividades sociais. Desgrazadamente, en todos estes ámbitos, observamos **o desleixo e a inacción do goberno da Xunta de Galiza**. A mocidade galega atopámonos totalmente desamparadas por un goberno galego que non nos ten en conta nos aboca á precariedade, á emigración e nos criminaliza polos gromos na segunda onda de contaxios por COVID-19.

Na cuestión concreta das alternativas de ocio para a mocidade en tempos de pandemia, vemos como non existe ningún tipo de plan real para dinamizar actividades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que fomenten as relacións sociais seguras entre a xente nova. Desgrazadamente, o que medra é o ocio nocturno ligado a actividades tan nocivas para a sociedade como son as casas de apostas e locais de xogo, que gozan dunha situación privilexiada, amparada polas institucións, sobre outros establecementos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que é preciso incentivar a cultura e o deporte de base entre a mocidade, incentivar tamén o asociacionismo xuvenil, como ferramenta de dinamización da actividade entre a xente moza e fornecedor de adquisición de competencias claves como a corresponsabilidade, o debate para a chegar a acordos e o emprendemento.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Está, o Goberno galego, a deseñar alternativas de ocio para a mocidade galega?
- Como valora, o Goberno galego, o medre na actividade das casas de apostas e xogo?
- O Goberno galego considera positivo o medre de afluencia da mocidade galega nas casas de apostas e xogo?
- Ten en conta, o Goberno galego, as necesidades da mocidade nesta crise sanitaria?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/10/2020 12:10:41

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2020 12:10:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/10/2020 12:10:56

Paulo Ríos Santomé na data 09/10/2020 12:11:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conselleira do Mar vén de asistir recentemente á inauguración das III Xornadas da Flota do Cerco organizadas pola Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA), recoñecendo na súa intervención que a organización das III Xornadas responde á convicción do sector de “coidar o noso medio mariño co obxectivo de facer que a nosa actividade sexa sostíbel nos eixos social, ambiental e económico”.

E, efectivamente así é. A flota cerqueira de Galiza -a pesar das moitas situacións complexas que levan vivido nos últimos anos- vén mantendo unha actitude absolutamente responsábel co coidado e a sostibilidade dos recursos mariños.

Non entanto, o goberno galego, ao contrario do que sucede con outros gobernos que teñen flotas pesqueiras que non acadan o calibre da nosa, parece querer condicionar o acceso sostíbel aos recursos a aqueles que máis contribúen á economía local, aos que menos danan o medio ambiente mariño e, sobre todo, a aqueles que reparten entre as comunidades costeiras os beneficios obtidos.

Os criterios socioeconómicos, a sostibilidade das pesquerías e o reparto equitativo dos recursos en función da flota e o número de empregados debера ser a principal orientación da actuación do goberno galego no sector do mar. Mais, a falla de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

regulación dos caladoiros, precisamente tomando como referencia eses principios, estase a converter nunha grande preocupación e nun problema ben serio para a flota cerqueira galega asociada en ACERGA.

Hai xa tres anos que esta flota vén levando a cabo a súa propia regulación, impondo un tope de capturas ao xurelo de 750 Kg. por tripulante e día durante catro xornadas á semana que, no seu momento, obtivo o apoio da Federación Galega de Confrarías.

Deste xeito, a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia pretende que os topes que se autoimpuxeron daquela teñan o seu reflexo legal, podendo así acollerse a unha norma que atinxa ademais de aos cerqueiros galegos a todos aqueles que vendan na nosa Comunidade.

A propia Asociación presentou a súa proposta á Consellería do Mar quen, a priori, concordou e mesmo remitiu á Secretaría Xeral de Pesca do goberno do Estado para a súa tramitación.

Mais, aínda sabendo que o informe da Comisión Galega da Competencia non é neste caso preceptivo nin vinculante para o trámite mencionado, a Consellería optou por achegarllelo á Secretaría Xeral de Pesca. Un informe desfavorábel, que ve na autorregulación unha posíbel incidencia no libre mercado do xurelo e incluso a posibilidade de que se incorra nun suposto abuso de posición dominante.

A Secretaría Xeral de Pesca entende que ese informe determina que a proposta non cumpre cos requisitos das normas da competencia e que, polo tanto, a autorregulación non debería ser obrigatoria e, polo tanto, solicita da Consellería outro informe para poder elevala á Comisión Europea.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xorde así a discrepancia entre a Secretaría Xeral e a Consellería de Pesca, que é favorábel a que a tramitación continúe e a que, finalmente, decida a Comisión Europea quen, por certo, contempla excepcións á suxeición ás normas da competencia.

E, entremetres, as súper descargas de miles de quilos de xurelo nunha noite campan ás súas anchas e provocan a caída dos prezos e a esquilmaión salvaxe dos caladoiros.

Por todo o anteriormente exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Considera o goberno galego que o informe emitido pola Comisión Galega da Competencia é vinculante e/ou preceptivo na tramitación da norma de regulación do xurelo?

- De non ser así, cal é a razón pola que a Consellería do Mar o solicitou e o remitiu á Secretaría Xeral de Pesca?.

- Concorda o Goberno Galego en que unha norma deste tipo serviría para contribuír á sostibilidade social, ambiental e económica da pesquería do xurelo?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da autorregulación que vén mantendo dende hai tres anos a flota pertencente á Asociación de Armadores do Cerco de Galicia?

- Que valoración fai o goberno galego das descargas masivas de xurelo que se veñen producindo nos portos galegos? Ten intención de impedilas e/ou limitalas dalgún xeito?

- É consciente a Xunta de Galiza de que esquilman os caladoiros e provocan a caída dos prezos do xurelo? Se o é, como pensa impedilas ou, cando menos, limitalas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Está disposta a defender a Xunta de Galiza a proposta normativa de regulación da pesquería do xurelo que efectuou á Secretaría Xeral de Pesca? Como vai resolver a discrepancia xurdida entre as dúas administracións? En que prazo?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/10/2020 13:26:46

María do Carme González Iglesias na data 09/10/2020 13:27:00

Daniel Castro García na data 09/10/2020 13:27:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A orde que regula as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores en Galiza foi aprobado en 1996 en desenvolvemento do Decreto 243/1995.

Nel, a Xunta de Galiza establece as condicións que deben rexer nas residencias, vivendas comunitarias, apartamentos tutelados, centros de día, fogares e clubs.

No relativo ás residencias de maiores, entre outras consideracións, a Orde establece os requisitos de persoal que deben cumprir estes centros en función do número de prazas e os servizos prestados:

O persoal será o adecuado en número e especialización para presta-los servicios correspondentes.

A ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para estes efectos entenderase por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Garantirase a vixilancia e coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función. Os centros cun número inferior a 40 prazas asistidas deberán contar coa presenza localizada de médico e ATS ou DUE durante as 24 horas. Aqueles cun número superior de prazas asistidas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física do ATS ou DUE as 24 horas.

Sen prexuízo do anterior deberáselles prestar unha asistencia sanitaria integral a tódolos residentes, a través de prestacións de servizos profesionais propios ou concertados.

Alén das denuncias que as traballadoras e traballadores das residencias privadas teñen trasladado aos servizos de Inspección da Consellaría de Política Social, a Inspección de Traballo e mesmo publicamente sobre os constantes incumprimentos destas ratios por parte das empresas e entidades de residencias privadas; a situación derivada da pandemia provocada pola COVID-19 esixe un debate profundo sobre se estas condicións se axustan ás necesidades das persoas usuarias e ao modelo de coidados que debe existir no noso país.

É evidente que a emerxencia sanitaria puxo en evidencia a necesidade urxente de repensar o modelo de residencias de maiores que existe en Galiza así como o conxunto de servizos de atención ás persoas maiores.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a ratio de persoal que fixa a normativa vixente para as residencias de maiores?
- Cre que é suficiente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre a Xunta de Galiza que unha orde aprobada hai 24 anos se axusta ás necesidades actuais?

- Pensa o Goberno galego modificar os criterios e requisitos específicos esixibles para estes centros residenciais?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/10/2020 09:59:39

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2020 09:59:43

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2020 09:59:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os cribados periódicos que a Xunta de Galiza realiza nas residencias de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos de setembro de 2020 a Xunta de Galiza anunciou que comezaría a realizar cribados periódicos entre o persoal das residencias de maiores e as persoas usuarias. É dicir, o goberno galego, a través das consellarías de Sanidade e Política Social, están a levar a cabo desde finais dese mesmo mes, probas PCR nestes centros residenciais.

O 8 de outubro fíxose público que dúas residencias ourensás, unha de Pereiro de Aguiar e outra de Monterrei, estaban afectadas por senllos gromos que atinxen 130 persoas na primeira e 46 na segunda (de acordo cos últimos datos publicados pola Xunta).

No primeiro dos casos, a entidade titular da residencia, a Fundación San Rosendo, trasladou aos medios de comunicación que o contaxio masivo entre o persoal e as usuarias e usuarios se debeu á demora na entrega dos resultados das probas PCR por parte da Xunta. Concretamente, as mostras foron tomadas o 29 de setembro e os resultados comunicados o 4 de outubro. Segundo o relato da entidade, un traballador positivo continuou traballando sen saber que estaba contaxiado (asintomático).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola súa banda, a Xunta de Galiza –a través do conselleiro de Sanidade-- sinalou que iniciarían unha investigación para determinar “que foi o que fallou” ao tempo que insistía en cumprir os protocolos de maneira estrita.

A situación na residencia Os Gozos de Pereiro de Aguiar, ao igual que a de Monterrei, volve situar estes centros como un dos principais focos de contaxio e alto risco fronte á COVID-19 especialmente porque neles reside poboación extremadamente vulnerábel.

Por todo o anteriormente exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- En que consiste o cribado periódico que a Xunta de Galiza realiza nas residencias?
- Canto tempo tarda o Goberno galego en obter os resultados das probas?
- Que protocolo ou indicacións se dá ás direccións das residencias para aplicar durante os días que transcorren entre a obtención da mostra e a comunicación dos resultados?
- Que fallou no caso de Pereiro de Aguiar? E no de Monterrei?
- Investigou a Xunta de Galiza que foi o que fallou en todos os centros residenciais en que se detectaron contaxios masivos?
- Abriu algún expediente a estes centros e/ou as empresas e entidades que os xestionan?
- Adoptou o Goberno galego algunha medida correctiva neles?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida nova para evitar que casos coma estes se repitan?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2020 10:05:07

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2020 10:05:16

Iria Carreira Pazos na data 13/10/2020 10:05:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** relativa á reclamación dunha unidade de xerontoloxía no hospital de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da COVID19 amosou máis que nunca a importancia da sanidade, e deixou tamén en evidencia as nefastas consecuencias dos recortes e privatizacións aplicados por 11 anos de Partido Popular e polas políticas restritivas de gasto e contratación de persoal que impuxeron PP e PSOE desde o Estado durante a crise de 2009.

Esta crise puxo de relevo tamén as múltiples carencias na atención social e sanitaria das persoas máis maiores do noso país, algo especialmente grave naquelas zonas onde o avellentamento é meirande, como é o caso da cidade e, por extensión, da provincia de Ourense. Un dos exemplos máis acuciantes son as carencias neste sentido que mantén o Complexo Hospitalario de Ourense.

Ourense sufriu durante anos un dobre proceso. Por unha banda de adelgazamento dos servizos dos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras e doutra banda o propio adelgazamento e falta de adaptación á realidade patolóxica do CHUO, que debера ter un papel central e tractor pola súa ubicación na capital de provincia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, cada vez ten un papel máis subsidiario de Vigo nunha operación planificada e progresiva de centralización de servizos.

Para alén da eliminación de servizos como o de cirurxía pediátrica, Ourense viviu demoras inescusábeis como a tardía implantación da hemodinámica 24 horas. Asemade, vive as carencias de non ter un modelo sanitario adaptado a unha realidade demográfica de gran avellentamento, malia as demandas profesionais.

Neste sentido, é inescusábel que a día de hoxe o CHUO non conte cunha unidade específica de Xeriatria como si existe en Vigo ou Lugo, cando concentra a idade media máis alta da poboación, as meirandes taxas de poboación maior e a maior porcentaxe de fogares formados por persoas de 65 ou máis anos. Estas cuestións teñen un impacto no aumento dos perfís pluripatolóxicos a día de hoxe Ourense non conta unidades específicas para xerontoloxía en xeral e ictus en particular.

É unha necesidade urxente que, cando menos, a Xunta de Galiza impulse unha unidade específica de xeriatria no CHUO, con persoal e horario suficiente, e que sexa o paso previo dunha colaboración e traballo conxunto cos hospitais de Verín e do Barco de Valdeorras.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Considera o goberno galego que a atención á poboación maior de Ourense é a adecuada?
- Vai asumir a Xunta de Galiza a constitución inmediata dunha unidade especializada en xeriatria no hospital de Ourense, que atende o maior índice de poboación maior de toda Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza que parte do fracaso da xestión das vagas de covid na provincia se debe á falta de unidades específicas de atención á poboación máis maior?
- Por que non ten avanzado o goberno galego nas demandas dos colectivos profesionais de xeriatría e xerontoloxía?
- Cales son as razóns de que Ourense non teña este servizo si exista en Vigo ou Lugo? Non lle parece un agravio comparativo?
- Está o sistema sanitario galego e, particularmente, ourensán preparado para a atención do perfil plutipatolóxico maioritario polo avellentamento da poboación?
- Planifica a Xunta de Galiza as modificacións e axustes do sistema tendo en conta as previsións que o IGE e outros organismos fan respecto da evolución demográfica?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergnatiños**

María González Albert

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/10/2020 12:56:24

Iria Carreira Pazos na data 13/10/2020 12:56:29

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2020 12:56:40

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2020 12:56:55

María González Albert na data 13/10/2020 12:57:06

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2020 12:57:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a Unidade muller e ciencia e o programa homónimo dirixido a promover a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no ámbito científico, tecnolóxico e da I+D+i

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade muller e ciencia foi creada a través do Decreto 33/2007 (modificado polo Decreto 97/2010, do 10 de xuño) co obxectivo de incrementar a presenza de mulleres nos ámbitos científicos e tecnolóxico ao tempo que promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como, situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva do xénero nun primeiro plano.

Trátase dun órgano interdepartamental colexiado de asesoramento.

En 2008 a Xunta de Galiza aprobou o I Programa muller e ciencia (2008-2012). Rematada a súa vixencia o Goberno galego non elaborou un novo até catro anos despois, en 2016.

Se botamos a ollada atrás, pouco ou nada do espírito e obxectivos que motivaron a creación desta Unidade e do programa muller e ciencia fica xa. De facto, o abandono do proxecto fica máis que patente na nula actualización do portal web creado para a súa difusión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde hai máis dunha década a Xunta de Galiza non promove ningunha investigación nin estudo estatístico que visibilice cal é a realidade das mulleres na ciencia e a súa evolución no tempo; tampouco deu continuidade ás publicacións periódicas que acompañaron nos seus inicios este proxecto como a revista *Xenia*.

Ao longo dos últimos anos, as mulleres científicas veñen demandando –ao igual que o conxunto do movemento feminista-- o espazo que lles corresponde por dereito e o fin das discriminacións por razón de xénero.

Casos como o de María de la Fuente, responsábel da unidade de nano-oncoloxía do IDIS, que denunciou a penalización que sofren as mulleres nas súas carreiras profesionais por ser nais ou máis recentemente a denuncia pública motivada pola ausencia de mulleres nos premios e medallas de investigación outorgados pola Real Academia Galega de Ciencias, devolven ao primeiro plano do debate público a necesidade de actuar de maneira decidida a prol da igualdade real entre mulleres e homes en todos os planos, tamén no científico.

A piques de rematar a vixencia do II Programa muller e ciencia (2016-2020) cómpre unha profunda avaliación das medidas adoptadas, dos obxectivos fixados e do impacto que máis dunha década de defensa formal e da igualdade tiveron na realidade diaria das mulleres científicas galegas.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación actual da Unidade muller e ciencia?
- Que actividades, alén dos premios anuais, desenvolveu este órgano?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal foi o grao de cumprimento dos obxectivos marcados no II Programa muller e ciencia?

- Vai desenvolver un novo programa o Goberno galego nesta lexislatura?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2020 11:55:30

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2020 11:55:34

Iria Carreira Pazos na data 13/10/2020 11:55:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á folla de ruta prevista por parte do goberno galego respecto da súa estratexia enerxética e planificación para captar fondos da UE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía é un elemento estratéxico para impulsar o desenvolvemento económico do noso país. Galiza é produtora e exportadora de enerxía. Porén, milleiros de postos de traballo no noso país penden dun fío ou foron destruídos polo prezo da enerxía e pola falta de anticipación ao escenario das transformacións derivadas da fin do carbón ou pola paralización práctica ao impulso das renovábeis, logo dun gran esforzo inicial, nos primeiros mandatos de Núñez Feijóo a partir do ano 2009.

No actual contexto de mudanza climática, desindustrialización e desigualdade social o sector enerxético constitúe un ámbito con que Galiza debe liderar unha nova etapa no seu desenvolvemento que conxugue a mellora do aforro enerxético, o descenso do impacto medioambiental, o avance na soberanía enerxética e o control social e público do sector para garantir que sexa un ben





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

básico ao servizo dos galegos e galegas e do desenvolvemento económico, e non unha mercadoría de especulación.

Neste sentido, no escenario actual é clave que Galiza defenda os seus intereses para obter os fondos que lle corresponden desde os ámbitos do Estado e da Unión Europea. Por este motivo, e tamén para avanzar nunha folla de ruta planificada e consensuada, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego defendeu en múltiples ocasións a conformación dun Grupo de Traballo para a Transición Enerxética de ámbito galego, que dera participación tamén aos axentes sociais, no que se avanzara no modelo enerxético galego do futuro e se planificara o desenvolvemento económico e industrial alternativo daquelas comarcas afectadas polas mudanzas que están por vir. Porén, o grupo que sostíña e sostén o goberno da Xunta de Galiza foi sempre refractario e ao longo destes anos o máis parecido a unha planificación foron as Directrices enerxéticas dadas a coñecer, parcialmente, en abril de 2018, que basicamente supuñan un recetario de obxectivos enmarcados nas Directivas Europeas pero sen planificación estratéxica ou aposta de reinvestimento público para situar Galiza á vangarda.

Máis aínda, a aceleración do debate da fin do carbón e a enorme crise industrial que sufriu Galiza no período máis recente volven poñer en evidencia a falta dun proxecto para Galiza. Así, mentres outros países e comunidades constitúen foros específicos de diálogo e traballo ou teñen avanzados proxectos que candidatar ás axudas europeas, a Xunta de Galiza non está a asumir un papel de liderado nin de transparencia, nin a contribuír a un amplo debate nos sectores económicos e sociais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, cómpre recordar que Galiza precisa tamén dunha estratexia que avalíe as posíbeis repercusións negativas para Galiza da redución do Fondo para a Transición Xusta, que pasa de 30.000 millóns a 10.000 millóns nun momento moi crítico pola previsión de peche das centrais térmicas.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que estratexia ten a Xunta de Galiza para garantir que o noso país teña en tempo e forma definido un modelo enerxético consensuado para captar fondos estatais e europeos?

Cales son as razóns de que non exista en Galiza un foro específico e amplo socialmente no que definir o modelo enerxético da Galiza do futuro?

Cre que foi un erro vetar durante anos a existencia dun foro deste tipo?

Considera o goberno galego que Galiza está preparada para competir polos fondos europeos? E particularmente por contías do Fondo para a Transición? Que posibilidades ten de conseguir fondos para o desenvolvemento enerxético no marco do novo período financeiro e dos fondos covid?

Que propostas trasladou ou vai trasladar o goberno galego ao central?

Que relación ten Galiza con cos organismos e institucións europeos en materia enerxética? E concretamente coa Plataforma de Rexións de Carbón en Transición?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as perspectivas enerxéticas da comunidade en xeración e distribución? Cal será o impacto no PIB? E en termos de emprego? E respecto dun desenvolvemento equilibrado no territorial?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2020 15:53:43

Daniel Pérez López na data 13/10/2020 15:53:47

Ramón Fernández Alfonso na data 13/10/2020 15:54:02



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Segundo a EPA do segundo trimestre de 2020 constátanse un aumento de persoas novas desempregadas no último ano de 7.300. A perda de poboación activa resulta alarmante, 27.100 mozos e mozas menos.

Si se compara a evolución da situación de desemprego entre os anos 2019 e 2020 obsérvase como produce un importante aumento de persoas desempregadas menores de 35 anos en termos absolutos, 7.300. Por tramos de idade, o que maior volume de persoas presenta en situación de desemprego, dentro do colectivo xente nova, é o das mozas e mozos de 25 a 29 anos, 19.300; seguido do de 30 a 34 que conta con 15.900 persoas desempregadas.

No que respecta a poboación ocupada, hai en Galicia actualmente 199.700 persoas menores de 35 anos ocupadas, o que supón unha contracción con respecto a hai un ano de 34.500 persoas, chamando a atención o descenso de 13.600 no tramo de idade de 25 a 29.

Moi preocupante é a taxa de paro xuvenil, xa que se sitúa no 20,6 %, dato que contrasta co 11,9 % da taxa de paro de toda a poboación, sendo 8,7 puntos superior.

Diante do exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Diante dunha caída evidente da recadación tributaria como consecuencia da crise económica derivada da Covid-19, que medidas vai adoptar o Goberno para garantir a sustentabilidade do gasto público?
2. Cales son os motivos que xustifican o alto índice de resolucións favorables obtidas polos administrados fronte ás comprobacións practicadas pola Atriga?
3. Cales son os motivos que explican que Atriga teña minorado persoal ao seu servizo, a pesar de que índice de autoliquidacións susceptibles de comprobación se leva incrementado de xeito considerable?
4. Considera o Goberno que os medios de comprobación de valores para bens de natureza urbana e rústica (Orde do 28 de decembro de 2015), actualizado mediante Resolución do 6 de marzo de 2020, se axustan á realidade do mercado inmobiliario, especialmente no rural galego?
5. Considera o Goberno galego que o Plan Anual de Control Tributario publicado por Atriga, deber incorporar un informe singularizado de cada unha das figuras tributarias?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2020 12:08:23
Nº Rexistro: 3517
Data envío: 14/10/2020 12:08:23.298

Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/10/2020 12:03:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2020 12:03:29

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG5ngkZ5Oe96
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xose Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de San Sadurniño recibiu nos últimos días varias chamadas de veciños e veciñas para preguntar se había algunha información sobre cando virá a unidade móbil da ITV Agrícola, que habitualmente se situaba en Santa Mariña e en Igrexafeita. O alcalde púxose en contacto este luns con SyC APPLUS+ ITV para interesarse pola cuestión e desde a concesionaria das inspeccións comunicaron que non prevén desprazar ningún equipo ata polo menos “xaneiro ou febreiro do 2021” debido aos retrasos acumulados nos últimos meses. En calquera caso, tal e como lle comentaron ao alcalde, a validez das inspeccións técnicas para os vehículos agrícolas “destinados a labores no campo” -tal e como cita literalmente o BOE- está prorrogada até o 10 de novembro. Porén, de momento non se sabe que vai pasar despois desa data.

APPLUS-SyC ITV non adianta ningunha previsión, xa que as unidades móbiles, aínda que están traballando, acumulan moito retraso, polo que a pregunta obvia é a de que vai ocorrer cos tractores que teñan vencida a “revisión” despois do 10 de novembro. Na ITV non comentaron nada ao respecto, posto que a súa función é a de verificar o correcto estado de circulación da maquinaria, non a de decidir como debe actuar Tráfico en caso de parar un vehículo agrícola sen a inspección en vigor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, o Concello tamén se puxo en contacto coa Delegación do Goberno na Coruña de cara a solicitarlle información sobre se se conta con ampliar a vixencia das inspeccións ou, en caso contrario, se se vai dar algunha instrución desde a Dirección Xeral de Tráfico no sentido de flexibilizar as posibles actuacións no caso de vehículos agrícolas que deberían ter pasado a ITV desde a declaración do primeiro Estado de Alarma.

A única alternativa á ausencia de ITV móbil nos concellos deste país ata xaneiro ou febreiro do ano próximo está nas ITVs fixas situadas nos arredores das cidades ou en polígonos industriais. Pero esta alternativa obrigaría aos propietarios de maquinaria agrícola a facer desprazamentos moi longos por vías nas que moitas veces serían causantes de atascos e entorpecementos no normal tránsito de vehículos.

Sería tamén inxusto que calquera usuario ou usuaria de maquinaria agrícola, suxeita a revisión periódica, fose sancionado/a despois desa data por non ter a revisión pasada se lles caducou durante o estado de alarma, xa que non é culpa deles que as unidades móbiles vaian con retraso no seu calendario.

Desde Delegación do Goberno remítense á normativa da prórroga até o 10 de novembro sen avanzar se o prazo se vai ampliar ou non -posibilidade que tampouco se descarta-, polo que recomentan solicitar vez na estación máis próxima a pesar de recoñeceren o inconveniente que supón ter que levar a maquinaria ata alí, sexa desprazándose polos seus propios medios ou sobre unha plataforma.

Tampouco se aclara como vai proceder Tráfico a partir desa data se as patrullas detectan algún tractor circulando sen a ITV ao día. Fontes da Delegación do goberno aseguran que a Xefatura provincial de Tráfico “*está ao tanto e comprende a situación*”, ao tempo que recordan que o feito de circular sen ITV é un risco para a seguridade e, ademais, *unha complicación legal engadida no caso de que se produza un accidente*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que ten pensado face-lo goberno galego para dar solución á problemática xerada polo estado de alarma que provocou o cese do labor das ITVs, e non prevendo entrar en funcionamento antes de xaneiro ou febreiro do ano próximo, provoca situacións de ilegalidade nos usuarios de maquinaria agrícola pola caducidade das revisións técnicas?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Asdo.: **Xose Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 14/10/2020 13:06:44

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/10/2020 13:06:48

María González Albert na data 14/10/2020 13:07:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis o goberno do estado español, non importa a súa color, volve á carga cun decreto que pretende regula-la aplicación de xurros e estercos en aras dunha pretendida contaminación do aire por amoníaco.

Este proxecto de decreto non atende a un desenvolvemento de directrices da UE, nace no ministerio que unha vez máis, en Madrid, sexa cal sexa a color do goberno non se atreven a levarlle a contraria ós lobbies do porcino e dos abonos de síntese e tentan que pague o desaguado das emisións de amoníaco o sector gandeiro de vacún, tanto de leite coma de carne, de Galicia e da Cornixa Cantábrica

O Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios está en período de alegacións que comezou o 29 de setembro pasado e rematará o 19 deste mes de outubro. A normativa que se pretende implantar novamente, prohibiría a aplicación de xurros mediante o sistema de prato, abanico ou canón, cando o contido en humidade dos estercos sexa igual ou superior ó 65%.

De entrar en vigor sen unha revisión substancial da norma sería un golpe mortal para a gandaría de leite e carne de Galicia. Unha vez máis a ignorancia temeraria, ou a defensa de intereses alleos ó sector por parte do estado, para coas características





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

edafolóxicas, climáticas, orográficas e de reparto da propiedade do país das galegas e dos galegos pon en perigo os sectores de carne e leite de vacún, que en maior medida manteñen vivas, economicamente activas e fixa poboación en amplas zonas do rural de Galicia, moi especialmente a gandaría extensiva de montaña.

O citado decreto obrigaría a implantar nestas explotacións gandeiras toda unha serie de requisitos para, teoricamente, controlar e racionaliza-lo uso de fertilizantes e xurros.

Cal se de explotacións contrarias ó equilibrio ambiental ou coma se de actividades perigosas para co medio ambiente se tratase, estas explotacións de vacún deberían incorporar a toda a burocracia, papeleo e complexa normativa que as asedia actualmente, unha serie de novas esixencias:

--Un plan de abonado para os cultivos forraxeiros e viñado con máis de 10 has. e na horta profesional con calquera superficie. Este plan terá que adaptarse nas aportacións de nutrientes, sen excederse en máis dun 10%, ás necesidades do cultivo, para o que terán que efectuarse analíticas varias en cada temporada e para cada cultivo.

--Un rexistro de aplicacións de fertilizantes como apartado no Caderno da Explotación.

--Un técnico autorizado que asesore en materia de fertilizantes.

--Inspeccións rigorosas da maquinaria de aplicación que garanta a súa eficiencia.

--Analíticas dos esterco e puríns ou lodos de depuración usados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero o prato forte do decreto en cuestión está na difícil adaptación ou no cambio de toda a maquinaria de aplicación, cisternas e tractores, e máis no volume e peso desta maquinaria que impediría o seu uso na maior parte dos terreos agrícolas galegos.

Seguindo o excelente informe-alegación do investigador da AGACAL--CIAM Juan Castro Insua, as repercusións económicas deste decreto serían inasumibles para unha alta porcentaxe de explotacións tanto de leite coma de carne de Galicia. Estas novas esixencias da condicionalidade ó cobro da PAC das explotacións gandeiras con terra deixaríaaas en franca desvantaxe fronte á maioría do resto de Europa.

O máis preocupante do Borrador é que amosa unha "baixa calidade da información sobre os sistemas de manexo do gando vacún" di Juan Castro, e isto si que é imperdoable. O citado Borrador ..."parte de datos incorrectos para facer os cálculos de emisións do sector de vacún de leite xa que non aparece información sobre o tempo que pasan as vacas e a recría de leite en pastoreo"... isto para tódalas vacas de leite e recría tanto de Galicia coma da Cornixa Cantábrica.

No artigo publicado na revista Campo Galego deste 12 de outubro pasado Juan Castro alude ós datos reais de pastoreo publicados polo CIAM, derivados dun proxecto financiado polo INIA no que participaron centros de investigación de toda a Cornixa Cantábrica, e Navarra.

<http://ciam.gal/pdf/informeinia.pdf>

Neste proxecto conclúese que:

1) O 61,2% das explotacións declararon realizar pastoreo con algún ou tódolos grupos do rabaño leiteiro (vacas en lactación, vacas secas e novelas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) Horas diarias de pastoreo das vacas en produción: max. 5,9 h no verán e mínimo 2,9 h no inverno, sendo significativamente menores as horas de pastoreo nas explotacións de maior tamaño

3) A superficie media pastada por explotación polo rabaño de vacas lactantes foi de 4,9 ha, representando o 30,0% da SAU e que ascendería a un total de 80,8 mil ha para o conxunto da zona Norte.

Tendo en conta os datos “reais” de pastoreo publicados neste informe, estímase que se reducirían as emisións aproximadamente nun 30% sobre as publicadas para o vacún de leite, o que equivalería, xa neste momento, a unhas reducións de emisións similares a que en toda España xa se estivera aplicando o sistema de baixas emisións de “mangueiras arrastradas” por tódolos gandeiros.

Por outro lado para o cálculo das emisións, os "expertos" do Ministerio nin teñen en conta as características climáticas de Galicia, no referente a temperaturas, nin as características dos nosos solos e a súa alta capacidade de intercambio catiónico que os fai menos propensos ás emisións de amoníaco. Claro que cando se fala de abonos químicos si se ten en conta esta diferenciación climática.

O Borrador ignora as boas prácticas agrícolas como efecto redutor destas emisións e que sería altamente saudable o seu fomento e xeralización ademais do seu mínimo custo económico. Entre elas estarían a promoción do pastoreo e a extensificación que tería outros beneficios, ademais da redución de emisións, como a menor dependencia de insumos exógenos aumentando a produción de pasto e o benestar animal.

O dimensionamento adecuado das fosas e a súa cubrición permitiríano-lo abonado cando o precisan os cultivos, no momento óptimo e non cando a fosa está chea,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

podendo así axusta-lo balance de nutrientes. Claro que isto reduciría o consumo de abonos de síntese e aí asoma o lobo as orellas...

O enterrado do xurro inmediatamente logo da súa aplicación, a formación de costra nas fosas... Son outras das prácticas agrícolas a fomentar antes de punir e obrigar a facer inversións millonarias e reformas drásticas que levarían ó endebedamento insostible dunha alta porcentaxe das explotacións de vacún galegas.

Se na elaboración do borrador houbo contactos coas CCAA desde este grupo parlamentario temos curiosidade polos informes presentados pola representación galega e as puntualizacións feitas diante o descoñecemento da realidade da gandaría galega amosada polo equipo socialista do goberno do estado que repite o mesmo descoñecemento amosado pola anterior ministra, esa vez do PP, sra. Tejerina.

Cremos que debemos asumir dunha vez o liderazgo dos sectores do leite e da carne de vacún (55% do estado) e actuar en consecuencia desde as nosas institucións.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é o posicionamento do goberno galego e cales as medidas tomadas polo mesmo diante o Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios ?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 14/10/2020 14:11:41

María González Albert na data 14/10/2020 14:11:46

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/10/2020 14:11:54



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

É imprescindible avanzar cara novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional. As expectativas para o ano actual e os 2021 e 2022, falan dunha ralentización do crecemento moi importante debida á pandemia do da Covid-19.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento, e do estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas.

É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial, non so dos sectores industriais máis intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais maduros.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da industria 4.0.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia tiña como parte dos seus obxectivos consolidar a Galicia como territorio innovador para mellorar a competitividade das empresas, favorecer o crecemento sostible e xerar postos de traballo de calidade

Para conseguir eses obxectivos o plan pretendía:

1. Incrementar nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D con respecto a 2016.
2. Aumentar nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras con respecto as 2016.



3. Sumar un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras respecto a 2016
4. Incrementar nun 15 % o volume de negocio por produtos novos ou mellorados respecto ás 2016.
5. Acadar o 1,7 % de gasto sobre o PIB.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia non cumpriu ningún dos seus obxectivos, resulta insuficiente e carece de contido á altura dos retos do sector. A investigación, o desenvolvemento e a innovación teñen que ser un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta crise sanitaria e económica que estamos a vivir.

O Grupo Parlamentario Socialista demanda á Xunta de Galicia a que aposte por unha I+D+i reforzada e orientada aos resultados, atendendo en prioridade ás actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, fortalecendo o sistema de ciencia e tecnoloxía, incrementando as aportacións públicas ao mesmo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. A Xunta de Galicia vai elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no prazo da lexislatura e cunha maior dotación orzamentaria que nos permita duplicar o gasto en Investigación, Desenvolvemento e Innovación para situar a Galicia na media española?
2. A Xunta de Galicia incrementou nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D con respecto a 2016?
3. A Axencia Galega de Innovación (GAIN) aumentou nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras con respecto as de 2016?
4. A Xunta de Galicia sumou un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras respecto a 2016?
5. O Goberno autonómico incrementou nun 15 % o volume de negocio por produtos novos ou mellorados respecto as de 2016?



6. O Goberno autonómico acadou o 1,7 % de gasto sobre o PIB como era o seu obxectivo no Plan Galicia Innova 2020?
7. Cal foi o grado de execución do Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/10/2020 18:54:32

Martín Seco García na data 14/10/2020 18:54:38

Paloma Castro Rey na data 14/10/2020 18:54:47



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

No día de onte, 13 de outubro de 2020, Galicia rexistrou nas últimas 24 horas once novos falecementos por covid, o que supón a maior cifra de falecementos nunha mesma xornada dende o pasado 26 de abril. Parte da provincia de Ourense atópase inmersa nun proceso de alerta máxima (nivel 3) motivada pola pandemia da Covid-19. Neste momento parte da provincia atópase con medidas moi restritivas e confinamento perimetral.

Os centros de atención residencial configuran o núcleo máis vulnerable neste contexto, polo que se precisan parámetros claros e obxectivos na forma de actuar.

Na segunda onda da pandemia en Ourense tres residencias tiveron focos masivos e de xeito abrupto, en concreto a residencia de Pereiro, a Val de Monterrei, e Nosa Señora do Viso en Lobeira. A primeira foi intervida pola Xunta tralo contaxio de practicamente a totalidade de usuarios do centro.

É urxente que se tomen medidas preventivas e non actuar cando os contaxios invaden o centro na práctica totalidade. No caso de Val de Monterrei e Nosa Señora do Viso a situación xa é límite, tendo en conta que hai 70 e 50 contaxios por covid respectivamente. É preciso que a Xunta interveña a xestión para poder dotar do persoal suficiente, así coma de recursos que habiliten unha mellora na atención dos internos, e sobre todo, e o máis importante, evitar máis falecementos.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación.

1.ª) Cales son os parámetros ou protocolo obxectivo, no caso de que exista, para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid?



2.^a) Cales son os medios materiais e humanos que se habilitan por parte da Administración competente unha vez interveñen o centro?

3.^a) Por que non se interveñen (de non ser así) os centro residenciais de Val de Mantereí e Nosa Señora do Viso dende a Xunta de Galicia neste momento tendo en contan con 70 e 50 contaxios por covid?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/10/2020 10:11:57

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/10/2020 10:12:38

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/10/2020 10:12:51

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 10:13:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa Cornide, situada na Rúa das Donas, no corazón histórico da Cidade Alta da Coruña, trae ao noso presente a memoria da familia Cornide e canda ela a do seu membro sobranceiro e ilustre polígrafo coruñés, José Cornide, xeógrafo, naturalista e humanista.

A Casa Cornide é un dos edificios máis fermosos da Coruña e foi deseñada entre 1750 e 1760. O seu estilo presenta certo barroquismo de corte francés, unha fachada de cachotaría de granito rosa, rematada cunha curva co escudo dos Cornide.

Foi doado pola familia ao Concello da Coruña para funcionar como escola, mais a principios do século XIX instalouse no pazo a sede do Concello da Coruña. Porén, durante a ditadura, a Administración local sacouna a unha poxa pública, previamente amañada, que foi gañada por Pedro Barrié de la Maza, para ser inmediatamente agasallada a Carmen Polo, dona de Franco.

É así como os fíos da historia do espolio que sostivo o franquismo fascista, ao longo de décadas, teceron a rede da ignominia nunha manobra ilícita que derivou esta propiedade pública ás mans privadas da familia do ditador Franco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha actuación simulada de pseudoveracidade en que participaron significados franquistas que promoveron activamente estes espolios -Alfonso Molina Brandao, Pedro Barrié de la Maza e Sergio Peñamaría de Llano-, que aínda conservan na Coruña rúas, retratos en edificios públicos, placas e todo tipo de distincións, que non pode admitirse nunha sociedade democrática.

Porque a coruñesa Casa Cornide, como o pazo de Meirás e outros moitos obxectos de elevado valor patrimonial levados ao pazo como as esculturas do Mestre Mateo, forman parte do espolio da familia Franco, que precisamos reverter.

A Deputación da Coruña e o Parlamento galego aprobaron iniciativas por unanimidade para que a familia Franco devolva o espoliado ou roubado. Así, o Parlamento Galego instaba o Goberno do Estado o 11 de xullo de 2018 a iniciar as accións legais para a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público sen que esta "non implique un novo custo para o pobo galego". Unha recente sentenza de 2 de setembro de 2020 ordena a súa devolución ao patrimonio público, sen ningún tipo de compensación á familia do ditador Franco.

É por iso que cómpre continuar a dar pasos adiante na reparación da verdade, xustiza e reparación da dignidade poñendo en marcha, desde as Administracións, os procedementos necesarios para que tamén a casa Cornide sexa recuperada para o ben común.

Recentemente, coincidindo co inicio da celebración do xuízo polo pazo de Meirás e mais co proceso de estudo para a declaración da Casa Cornide como Ben de Interese Cultural, atendendo aos obxectivos marcados polo Consello da Memoria Democrática do Concello da Coruña, a familia Franco respondeu cunha nova provocación poñéndoo en venda, o que, para alén de requirir unha resposta contundente en forma de repulsa, tamén obriga a activarmos con celeridade todos os resortes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para recuperar para o ben público este patrimonio espoliado ao pobo galego con actitudes despóticas.

É por iso urxente activar as medidas de protección necesarias para que un dos edificios máis singulares da cidade conte coa maior protección legal.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- 1, Pensa o goberno galego promover as medidas de protección necesarias para activar o retorno dos bens espoliados polo franquismo ao pobo?
2. É coñecedor o goberno da transcendencia da Casa Cornide como un símbolo referencial do espolio franquista?
3. Considera o goberno da Xunta de Galiza de urxencia a declaración da Casa Cornide como BIC?
4. Que medidas vai impulsar no curto prazo para declarar BIC a Casa Cornide e incluíla no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2020 10:31:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/10/2020 10:31:41

Daniel Castro García na data 15/10/2020 10:31:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas primeiras horas da tarde do 13 de outubro foi detectada unha mancha de fuel de máis dun quilómetro de extensión na ría de Arousa, en concreto entre a illa de Rúa e o Pombeiro. Mancha que, ao día seguinte, lonxe de estar controlada seguía recibindo hidrocarburo e que pode estar afectando ás proximidades da illa de Sálvora, que forma parte do parque marítimo-terrestre das Illas Atlánticas.

Nos primeiros momentos todo parecía indicar ao sentinazo dun barco, mais co paso das horas investíase se pode proceder do emisario de Touro, no concello de Ribeira.

Sexa como for, a realidade é que as augas das rías galegas e, en particular, as da ría da Arousa soportan un nivel de verteduras que mina continuamente os recursos naturais da zona e que teñen un gran impacto no entorno dunha área extremadamente sensíbel dende o punto de vista produtivo e medioambiental.

Mesmo as investigacións da propia administración galega sinalaron que a ría de Arousa foi no ano 2019 a que máis verteduras rexistrou con carga microbiolóxica ou química tóxica. E non se pode esquecer que neste espazo tan privilexiado en termos produtivos desenvolven habitualmente o seu traballo preto de 2000 embarcacións de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baixura e marisqueo a frote, milleiros de bateiros e mariscadoras a pé, aos que hai que sumar a riqueza que de xeito inducido xera a actividade extractiva no mar noutros segmentos da actividade económica.

En calquera das dúas hipóteses baralladas, sentinazo ou vertedura dende terra, hoxe en día existen sistemas técnicos e ferramentas suficientes para recoñecer aos responsábeis e poderlles aplicar a sanción correspondente á infracción cometida.

No caso do emisario submarino de Touro, aínda están preto os episodios contaminantes que se produciron en varias ocasións polo seu deterioro e por non cumprir as súas funcións de depuración e dilución, mesmo algún deles foi, no ano 2007, obxecto de sentenza xudicial contra o concello de Ribeira por afectar a un polígono de bateas.

Posteriormente, a Xunta de Galiza efectuou unha reparación do mesmo que lle supuxo ao erario público máis de 1,6 millóns de euros e foi entregado no 2017, ao remate das obras, ao concello de Ribeira.

Dende que entrou en funcionamento a EDAR de Ribeira, o emisario evacúa as augas residuais depuradas do polígono de Xarás e, no caso dun fallo na depuradora, debера aliviar de emerxencia e evitar que as augas residuais sen depurar cheguen ao mar.

De todos xeitos, este non é un caso illado e con el faise evidente que a contaminación da ría segue a ser unha materia pendente de solucionar por parte das distintas administracións que, moitas veces realizan investimentos multimillonarios que despois non se manteñen axeitadamente ou non son obxecto da vixilancia e inspección que lle correspondería.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, o plan territorial de continxencias por contaminación marítima de Galiza (Plan Camgal), aprobado pola Xunta de Galiza no ano 2006 e actualizado no 2012 e no 2016, demanda dos concellos plan locais dende 2017, nos que se deben sinalar os riscos, as zonas vulnerábeis e os medios necesarios diante de verteduras contaminantes ou tóxicos co obxecto de garantir a saúde da poboación, a conservación do medio natural e a seguridade dos bens e servizos dos concellos. A este respecto, descoñecemos se os distintos concellos da ría de Arousa dispoñen do mesmo.

Por todo o anteriormente exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Que información posúe a Xunta de Galiza sobre a vertedura producida o 13 de outubro na ría de Arousa?

- A partir de que momento activou o goberno galego os medios do plan autonómico de contaminación mariña?

- Cales son as hipóteses que manexa a Xunta de Galiza a respecto da orixe da vertedura?. Dispón dos sistemas suficientes como para identificar aos responsábeis e aplicarlles a sanción que a lei prevé?

- Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para avaliar os danos na produción mexilloeira, marisqueira e pesqueira da zona e, no seu caso, resarcir aos afectados e afectadas?

- Que medios de combate á contaminación mariña existen na ría de Arousa?

- Dispoñen os concellos da ría de Arousa dos plans locais establecidos no Plan Camgal de continxencias por contaminación marítima de Galiza?. No caso de non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dispoñer deles, cal é a causa e que actuacións vai realizar nese sentido o goberno galego para o cumprimento da normativa vixente?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/10/2020 10:40:35

María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 10:40:39

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2020 10:40:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a vixencia no ano 2020 do convenio sobre mediación intraxudicial no ámbito familiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de dez anos comezouse aplicar en Galiza o sistema de mediación intraxudicial no eido familiar. O éxito das intervencións fixo que se estendera a súa aplicación dende os xulgados de Compostela a do restos dos partidos xudiciais de Galiza.

Os beneficios da aplicación do sistema de mediación, que posibilite un eventual acordo para a solución das situacións de crise matrimonial, sobre o establecemento de medidas sobre a base exclusiva dunha resolución xudicial son evidentes.

Coa aplicación da mediación ás partes manteñen o control das eventuais solucións que se podan dar a controversia. Solución que será pactada por ambas as dúas partes, dándolle o contido que elas, de común acordo, decidan. Non hai vencedoras, nin derrotadas, pois o resultado é o froito da vontade conxunta e do dialogo das dúas partes.

Un eventual acordo permite unha solución máis rápida ao conflito, con maiores visos de ser respectado e observado pola partes e cun menor custe económico e social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo as vantaxes son incuestionables, e por iso resulta dificilmente comprensible como, chegado o mes de outubro de 2020 a Xunta de Galiza non asinara convenio algún colexios profesionais da avogacía e psicoloxía para este ano que remata, nin que exista comunicación algunha sobre a continuación futura de estes servizo. É dicir os colexios profesionais prestaron este servizo durante parte do ano 2020 sen a existencia dun compromiso da Xunta de Galiza que abeirase o pagamento, total ou parcial, dos custes de mantemento do mesmo, e o que é peor, esta situación de incerteza sobre o presente e sobre o futuro provoca que este recurso non estea dispoñible a día de hoxe.

En conclusión a pesares dos innegables efectos positivos do sistema de mediación intraxudicial no ámbito familiar, mesmo recoñecidos polo Vicepresidente Primeiro da Xunta de Galiza na súa comparecencia parlamentar para expoñer as liñas básicas da súa consellaría, nesta undécima lexislatura; non consta que a Xunta de Galiza realizase actuación algunha para o funcionamento deste servizo no ano 2020 e tampouco que garantise a dispoñibilidade futura do mesmo

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Considera a Xunta de Galiza que é beneficioso a existencia dun sistema de mediación familiar intraxudicial?
- Que accións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para que o servizo de mediación familiar intraxudicial siga a funcionar nos anos 2021 e seguintes?
- Entende razoábel que durante boa parte do ano 2020 os colexios da avogacía e psicoloxía estivesen prestando o servizo de mediación familiar intraxudicial sen un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

convenio ou acordo previo que o ampare e que garanta as percepcións económicas necesarias para a súa prestación?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/10/2020 12:41:43

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2020 12:41:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2020 12:41:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os fondos europeos Next Generation.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após o Consello da Xunta de Galiza do pasado 8 de outubro o goberno galego daba a coñecer publicamente a creación dunha “comisión interdepartamental para promover e planificar os proxectos galegos que optarán aos fondos europeos Next Generation” que botou a andar o martes 13 de outubro e, repentinamente, pareceu estar en disposición de trasladar propostas ao goberno central o xoves 15 de outubro.

Resulta chamativo que a Xunta de Galiza tomara esta decisión despois de que o Partido Popular vetara a constitución en sede parlamentaria dunha ponencia para traballar os criterios e propostas a esixir desde Galiza e despois de que o mércores 7 de outubro se coñeceran as liñas arbitradas desde o Estado sen que Galiza fora quen de anticiparse ou de trasladar propostas ao respecto. Resulta así mesmo chamativa a falta de colaboración da Xunta de Galiza co Parlamento Galego, tanto na remisión de información como na súa participación.

A Xunta anunciaba que “leva tempo preparándose para aproveitar a oportunidade que supoñen estes fondos para impulsar a recuperación económica e poñer en valor o potencial de Galicia, tanto desde o punto de vista dos recursos naturais como da capacidade das súas empresas e centros de coñecemento” mais continúa sen clarificar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuestións fundamentais, como establecer unha contía mínima á que Galiza debe aspirar, ou concretar máis alá de titulares as súas propostas sen que se poida dilucidar a veracidade de afirmacións como que “crear arredor de 1.700 empregos a través dun investimento público-privado que pode acadar os 1.300M€.”

Ademais, afirmábase que “para a xestión da tramitación administrativa dos proxectos que sexan validados pola comisión interdepartamental, crearase a Unidade de Proxectos Tractores dentro do Igape.” o cal tamén é chamativo tendo en conta a incapacidade manifesta deste organismo para intervir na grave crise industrial que padeceu Galiza xa na época pre-covid, para alén das deficiencias recorrentemente manifestadas nos informes do Consello de Contas.

Por outra banda, afirmábase que a Xunta xa apostara por un investimento público-privado de 3000 millóns de euros, e cos catro proxectos tractores e tres novas iniciativas transversais cuxa planificación está xa máis madura. Os catro proxectos son a instalación dunha planta de produción de hidróxeno verde; a implantación dun centro para o impulso da economía circular; a creación dun centro de fabricación de fibras téxtiles sostibles a partir da madeira, que permita diversificar un sector estratéxico para Galicia; e a instalación de nova potencia renovable, con 1000MW que permitirán o autoabastecemento do resto de proxectos. As tres iniciativas transversais, das que se beneficiarán os proxectos tractores, céntranse nas cadeas loxísticas sustentables para o transporte; un centro de innovación en tecnoloxías renovables de hidróxeno; e un laboratorio dixital para afondar en sistemas 4.0.”

O papel que consiga ter Galiza na consecución de fondos europeos será determinante para o noso país, mais para iso a Xunta de Galiza debe esixir criterios claros para o reparto, abordar as consecuencias da súa conficionalidade e esixir a xestión directa dos fondos. Ademais, a planificación dos obxectivos debe ter unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abordaxe máis profunda e complexa da que unha comisión unilateral na que a Xunta de Galiza probablemente avance nun modelo industrial e enerxético fracasado.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para excluír a pluralidade política e dos axentes sociais do debate sobre os fondos europeos?

E dos axentes do sistema de investigación galego?

Ten pensado a Xunta de Galiza impulsar algún foro de traballo e debate que non sexa o propio consello da Xunta xunto con algún outro cargo da Xunta de Galiza baixo un novo título?

Ten pensado a Xunta de Galiza remitir información concreta sobre a súa planificación e superar a falta de transparencia e escurantismo?

Vai facer público a Xunta de Galiza con que empresas ten acordados os proxectos referidos nas súas informacións públicas do mes de outubro?

Vai remitir o goberno galego información clara e concisa sobre as súas estimacións de mobilizacións de recursos económicos?

Vai remitir o goberno galego información clara e concisa sobre as súas estimacións de creación de emprego?

Cre a Xunta de Galiza que o IGAPE está cualificado para ter un papel central na consecución de fondos europeos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2020 13:56:22

Daniel Pérez López na data 15/10/2020 13:56:26

Ramón Fernández Alfonso na data 15/10/2020 13:56:43

María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 13:57:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a evolución das pandemia da Covid-19 no ámbito universitario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución dos contaxios por Covid no ámbito da universidade galega está a manifestar un incremento preocupante de casos nas últimas semanas.

Na actualidade Compostela é, por detrás de Ourense, a cidade que presenta maior incidencia acumulada de Covid con máis de 200 casos por cada 100.000 habitantes.

Ante esta situación, a única resposta ofrecida pola Xunta de Galiza foi a de culpar o estudantado polas “festas universitarias”. Acusación gratuita que non está confirmada até o de agora en ningún dos datos relativos ao seguimento dos contaxias.

A escasa información que está a facilitar a Xunta de Galicia sobre os gromos que se están a dar e a falta de datos sobre rastrexo dos mesmos que confirme estas acusacións do goberno galego, sitúan a comunidade universitaria nunha situación de incerteza que esixe respostas e clarificacións por parte da Xunta de Galiza.

Dende o BNG entendemos que ante unha crise como a que estamos a vivir, o goberno galego debería aclarar cal é o fundamento no que se basea para culpar ao estudantado do incremento dos casos de covid-19 na universidade galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1º Cales son os datos actuais de evolución da pandemia no ámbito da universidade galega e das cidades que a albergan.

2º Cal é o fundamento para relacionar o incremento dos datos da Covid-19 con supostas condutas irresponsábeis do estudantado?

3º Que medidas se están a adoptar para garantir a seguridade nas aulas e nos ámbitos universitarios nos momentos de maior presenza de alumnado?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

